

gálicia

XUVENTUDE CREA PREMIOS 2017



ARTES PLÁSTICAS
BANDA DESEÑADA-COCIÑA
DESEÑO DE XOVIAS-FOTOGRAFÍA
GRAFFITI-MODA-MÚSICA-RELATO BREVE
POESÍA-TEATRO-VIDEOCREACIÓN



PROGRAMA
**XUVENTUDE
CREA
2017**

Xuventude Crea

Premios 2017

Xunta de Galicia
Consellería de Política Social
Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado
Santiago de Compostela 2018

Edita:

Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado.
Consellería de Política Social. Xunta
de Galicia

Imprime:

Alva Gráfica

Autora cartel portada:

Julia González Yáñez

1ª Edición: 2018

D. L.: C 1107-2018

Índice

ESPECIALIDADE DE ARTES PLÁSTICAS

Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2017 9

Premiados

Gema López González	10
Jonatan Blanco Pensado	12
Tania Vázquez Buján	14
Adrián Penido	16
Sara Piñeiro Fernández	18
Sara Pena Zamorano	20

ESPECIALIDADE DE BANDA DESEÑADA

Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2017 23

Premiados

Beatriz Rodríguez Gregores	24
Zaida Novoa González	26
Uxía Larrosa Villanueva	28

ESPECIALIDADE DE COCIÑA

Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2017 31

Premiados

Andrés Díaz Pérez	32
Mª José Losada Acero	34
Luis López Fernández	36
Eva Correa Fontán	38

ESPECIALIDADE DE DESEÑO E XOIAS

Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2017 41

Premiados

Eva Baqueiro Gil	42
Sonia Fernández Gandasegui	44
Daniel Martínez González	46
Xana Villalobos Salgado	48

ESPECIALIDADE DE FOTOGRAFÍA

Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2017 51

Premiados

Marta León Martínez	52
María Vérez Escudero	54
Estefanía André Feijóo	56
Sergio Villar Penas	58
Andrea Rodríguez López	60
Antía Monroy Rivas	62

ESPECIALIDADE DE GRAFFITI

Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2017 65

Premiados

Brais Rodríguez Trigo	66
Aldara Rodríguez Patiño	68
Miguel Aurelio Cajaraville Mosquera	70
Iria Fafián Alonso	72
Víctor Incio del Río	74

ESPECIALIDADE DE MODA

Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2017 77

Premiados

Thalita Dumont	78
Iria Carrera Chapela	80
Tania González Campos	82

ESPECIALIDADE DE MÚSICA

Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2017 85

Premiados

Aida Blanco	86
MJ Pérez	88
Dioivo	90

Postal	92
Atdeton	94
Brotasol	96

ESPECIALIDADE DE POESÍA

Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2017	99
--	----

Premiados

Sonia Martínez López	100
Arancha Nogueira	104
Nuria Mosqueira Varela	110
Tamara Andrés	118

ESPECIALIDADE DE RELATO BREVE

Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2017	127
--	-----

Premiados

Brais Lamela Gómez	128
Hugo Lozano Hermida	134
Cándido Paniagua Pousa	138

ESPECIALIDADE DE TEATRO

Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2017	147
--	-----

Premiados

Prácido Domingo	148
Compañía Señora Supina	150
Escola de Teatro (Aula de Teatro da USC)	152

ESPECIALIDADE DE VIDEOCREACIÓN

Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2017	155
--	-----

Premiados



María de las Nieves Iglesias Rodríguez	156
Gabriel Vázquez Fernández	158
Alba Rodríguez Villar	160

A xuventude é un dos principais activos desta terra. A mocidade galega é activa, solidaria, reivindicativa, contestataria e, sobre todo, creativa. Así se pon de manifesto en cada convocatoria do certame Xuventude Crea, que promove a Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

A edición do libro que tendes entre as vosas mans é unha mostra do talento e as posibilidades creativas da xente nova. As e os artistas que conforman este catálogo son os e as deseñadores, actores, escritores, cineastas, debuxantes, fotógrafos, músicos e pintores que coas súas creacións poñen imaxes, sentimentos e alma a Galicia.

Queremos que o Xuventude Crea sirva de impulso, de plataforma de expresión e de altafalante das vosas inquedanzas artísticas, relanzando ou poñendo no punto de partida unha traxectoria artística que desexo que sexa de éxito. Esta é o obxectivo dun certame ao cal na súa última edición concorreron case 300 proxectos e os gañadores son os que se poden ver neste catálogo.

Apoiar a xuventude é investir no futuro de Galicia. A Xunta seguirá apostando polo desenvolvemento da xente nova, polo establecemento de vías de apoio á súa creatividade, aos seus valores, habilidades e capacidades. Talento, imaxinación e creatividade son fortalezas presentes na nosa mocidade e desde a Xunta de Galicia queremos poñer os medios para que se expresen en todo o seu potencial.





**MEMBROS DO XURADO DO
CERTAME XUVENTUDE CREA 2017**

**ESPECIALIDADE DE
ARTES PLÁSTICAS**



PRESIDENTA:

Yolanda Otero Balsa, *subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social*

VOGAIS:

Mercedes Rozas Caeiro
Esperanza Lema Bouzas
Pedro Miguel González Galilea
José Eduardo López Valiña
Miguel Couto Cotelo

SECRETARIO:

Santiago Aparicio Fernández



FORMACIÓN ACADÉMICA:

- 2005-2010 Universidade de Vigo. Pontevedra. Licenciada en Belas Artes
- 2010-2011 Universidade de Vigo. Pontevedra. Mestrado en Arte Contemporánea. Creación e Investigación

EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- 2017-actual. Gemma López Estudio de Arte. Lugo
- 2016-2017. 7H Cooperativa Cultural. Lugo
- 2016-2017. Serviplus. Lugo
- 2015-2016. Animatium. Lugo

1º PREMIO

Gemma López González

Lugo

Son unha artista vocacional que leva toda a vida formándose en debuxo e pintura académicas e que está constantemente evolucionando sobre o seu propio estilo para contar historias e expresar emocións a través da arte.

Levo once anos expoñendo en centros culturais, museos, feiras e galerías de arte. A miña obra foi seleccionada en numerosos certames, tanto nacionais coma internacionais desde o ano 2006, gañando o primeiro premio de Pintura Universidade de Vigo no 2010 e un accésit no Certame de pintura Concello de Cambre no 2013, ademais deste primeiro premio de artes plásticas Xuventude Crea 2017.

Na miña traxectoria participei en eventos, conferencias e congresos dando apoio a outros artistas ou falando sobre a miña obra ou a miña perspectiva da arte.

En la mesa de mi cuarto soy menos despreciable





FORMACIÓN ACADÉMICA:

- 2008-2013, IES Terra do Xallas, Bacharelato.
- 2014-2015, CIFP Someso, A Coruña, Técnico Superior en Deseño e Moble.
- 2015, Recursos Galicia, monitor de tempo libre, Negreira.
- 2017, Accademia di Belle Arti di Frosinone (Italia).
- 2015-Actualmente, EASD Pablo Picasso, A Coruña, Estudos Superiores de Deseño de Interiores.

EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- 2015-actualmente, monitor de tempo libre, Santa Comba
- 2015-2017, camareiro, Santa Comba

2º PREMIO COMPARTIDO

Jonatan Blanco Pensado

Santa Comba

Desde pequeno sentínme achegado á arte, non sendo ata a mocidade onde empezaría a indagar nelas, probando diferentes facetas e modalidades.

Despois de realizar os estudos obrigatorios, decanteime polo deseño, o do moble en concreto. Ao finalizar este ciclo formativo decidín continuar formándome nesta rama, en concreto no deseño de interiores, unha especialidade que come de todas as artes e oficios. Ao comenazar estas ensinanzas achegueime á fotografía, deseño gráfico... No ano 2017 gocei dunha bolsa en Italia, onde aprendín moito de escultura e artes plásticas. Son membro de diferentes asociacións que realizan proxectos de índole deportivo e cultural.

Considérome unha persoa dinámica e creativa, sempre estou probando e facendo cousas novas sen esquecer o aprendido para continuar mellorando día a día. Considérome un apaixonado do deporte, da natureza e das viaxes.

As curvas que a vida dá



**FORMACIÓN ACADÉMICA:**

- 2012-2017 Uvigo. Pontevedra. Graduada en Belas Artes
- 2017-2018 USC. Santiago de Compostela. Mestrado en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte.


2º PREMIO COMPARTIDO

Tania Vázquez Buján

Lugo

Desde sempre tiven interese polas artes, e durante os meus anos de formación académica e artística, predominaron sobre todo o campo da pintura e da fotografía. A miña obra parte principalmente da observación e isto céntrase en diferentes liñas de traballo como o cotián, o espazo e a luz, tanto de forma consciente ou inconsciente e creando así unha proximidade entre o que me rodea e o meu propio ser.

A-temporalidade





FORMACIÓN ACADÉMICA:

- 2008-2010 EASD Antonio Faiñe. Ourense. Ciclo Superior de Artes Plásticas e Deseño en Ilustración.
- 2011-2015 Universidade de Vigo. Pontevedra. Grao de Belas Artes.
- 2015-2017 Universidade de Vigo. Semipresencial Ourense/Vigo/Pontevedra. Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.

3º PREMIO COMPARTIDO

Adrián Penido

Morgues Vaud, Suíza // Escuadro, Silleda

A arte é un intento de achar respostas, unha mestura de acertos e erros, de certezas e dúbidas, de antónimos que converxen e sinónimos que diverxen, de puntos que escapan, paralelas que se encontran e tanxentes que se evitan. Pero tamén de grises, medias tintas e trampantollos. Na arte todo se funde e confunde, non hai límite, nin fin pois o impulso de achar respostas segue presente.

Por todo isto, a arte é ese proceso de busca, máis que os resultados.

Biblioteca de artista





FORMACIÓN ACADÉMICA:

- 2015-2019 Universidade de Vigo. Grao en Belas Artes (3º curso de BBAA, actualmente)

EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- 2006-2007 Voz Audiovisual S.A., A Coruña (actriz de elenco na serie “Terra de Miranda” interpretando a “Jessica”, emitida pola TVG no ano 2007)

3º PREMIO COMPARTIDO

Sara Piñeiro Fernández

Sanxenxo, Pontevedra

Comecei o Grao en Belas Artes da Universidade de Vigo no ano 2015 co fin de afondar nas distintas modalidades artísticas e descubrir outras formas de expresión que encaixasen comigo, ademais do debuxo que sempre me entusiasma (1º premio cómic manga, XXIII Concurso Nacional de Cómic Ciudad de Dos Hermanas coa obra “Crea2.0”), así como para depurar o meu estilo e posibilitarme a apertura a outras formas de innovación e correntes de interese. Á parte da banda deseñada e da pintura, esencialmente dentro do ámbito do realismo (máis en concreto do realismo imaxinativo) como principais focos artísticos, tamén me atrevín a explorar o mundo das artes escénicas e da música (outra das miñas paixóns) sendo membro da orquestra de ukeleles “Ukestra do Medio” desde 2014, con máis de 40 concertos e a recente gravación do CD “em principio”. Así, a música do ukelele xa forma parte de min, ao igual que o soño de converterme en artista-ilustradora como un medio de expandir os meus horizontes artísticos e continuar rompendo estereotipos.

El estereotipo del artista



**FORMACIÓN ACADÉMICA:**

- 2012-2015 Universidade da Coruña. Escola Técnica Superior de Arquitectura. Grao en arquitectura.
- 2015-2017 Universidade de Vigo. Grao en Belas Artes.
- 2017-2018 PXL Mad School of Arts Hasselt Bélxica. Grao en Belas Artes, estudio de pintura.

MENCIÓN DE HONRA

Sara Pena Zamorano

Vigo

Estudante de Belas Artes pola Universidade de Vigo, actual residencia en Bélxica. O meu traballo céntrase na necesidade de escapismo da realidade urbana actual, a dualidade entre individuo e colectivo. O individuo como suxeito complexo e cohibido baixo a presión colectiva.





BANG





MEMBROS DO XURADO DO CERTAME XUVENTUDE CREA 2017 ESPECIALIDADE DE BANDA DESEÑADA



PRESIDENTA:

María José Fernández Laso, *xefa territorial da Consellería de Política Social en Ourense.*

VOGAIS:

Lía Soto Rodríguez

Jorge Campos Sánchez


José Luis Carreira Varela

Roberto de la Torre Outeiriño

Isabell Seidel

SECRETARIO:

Baldomero Pavón Álvarez



FORMACIÓN ACADÉMICA:

- Colexio Palencia, Vigo (1998-2001)
- CEIP A Doblada, Vigo (2001-2007)
- IES Castelao, Vigo (2007-2011)
- IES Politécnico de Vigo (2011-2013)
- Facultade de Belas Artes. BBAA Pontevedra (2013-2017)
- Mestrado de libro ilustrado e animación audiovisual. Pontevedra (2017-en curso)
- 2013-2017 BBAA. Pontevedra. Graduada en Belas Artes.

EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- 2017-en curso. Bolseira. Universidade de Vigo, Pontevedra.

1º PREMIO

Beatriz Rodríguez Gregores

Vigo (Pontevedra)

Especializada nos campos de deseño e ilustración. Fun comisaria da exposición “A Loba da Fada” e organizadora do concurso de banda deseñada “O meigallo da Loba”, coa subvención de BBAA Pontevedra e a participación de Kiko da Silva como xurado.

Ex-xornalista na revista de arte en liña Espazo 23 e gañadora da cuarta edición do premio “A Palavra Pintada” ao mellor libro de artista, na categoría de artista nova. Expuxen en diversos eventos como “Do final e do comezo 2017” (Pontevedra), “Novos Ilustradores” (Meis) e na feira de gravado, FIG Bilbao 2017, da man da Fundación Ankaria.

Actualmente traballo como directora do curto de animación “A illa descoñecida” en colaboración coa fundación portuguesa Saramago e financiado por BBAA.





FORMACIÓN ACADÉMICA:

- 2010-2014 UVIGO. Graduada en Belas Artes.
- 2014-2015 UGR. Granada. Mestrado de Debuxo: creación, produción e difusión.
- 2015-2018 Garaxe Hermético. Escola Profesional de Banda Deseñada e Ilustración. Pontevedra. Cómic e ilustración.
- 2016-actual UGR. Granada. Programa de Doutoramento en Historia e Artes. Liña de Investigación Creación Artística, Audiovisual e Reflexión Crítica.

EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- 2014 Exposición *Do final e do Comezo 2014*. Pazo da Cultura de Pontevedra.
- 2014 Exposición *(In) Expertos*. Galería Inexpertos. Santiago.
- 2015 Exposición *El post y sus entresijos*. Casa Cultural da Serra de Outes.
- 2015 Exposición Spirou. De Champiñac a Pontevedra. Pazo da Cultura de Pontevedra.
- 2016-2018 Diario de Pontevedra.
- 2016-2017 Obras colectivas dixitais de O Garaxe Hermético. Pontevedra.
- 2015-2016 Publicación obra colectiva *Verne imaxinado*. Pontevedra.
- 2016-2017 Publicación obra colectiva *O Picoto do Pai*. Pontevedra.

2º PREMIO

Zaida Novoa González

Pontevedra

Desde sempre debuxei. Lapis en man, pasaba as horas entreténdome entre personaxes, lugares e trazos. Un dos primeiros recordos que teño é á miña nai léndome as tiras cómicas que ela gardaba. E é que todo ten a súa relación: o debuxar, o ler, o contar unha historia é algo que se xunta no cómic. Dá a oportunidade de expresar e de comunicar a través de imaxes e texto. E é esa dualidade, xunto á súa narrativa, a súa propia linguaxe e capacidade como arte que fai que leve a través del moitos proxectos como este. Tamén xunto á animación e á ilustración, todas elas artes moi próximas, traballei diferentes temáticas relacionadas co mundo infantil, a cultura e a súa representación, desfrutando e aprendendo do proceso da mesma forma que cando era nena.





FORMACIÓN ACADÉMICA:

- 2011- 2015 UB, Barcelona. Graduada en Belas Artes.
- 2016- Actualmente en curso. Mestrado en Estudos de Cine e Audiovisual Contemporáneo.

EXPERIENCIA PROFESIONAL::

- 2017-2017 Axudante de Edición. La Galera, Enciclopedia Catalá. Barcelona.


3º PREMIO

Uxía Larrosa Villanueva

A Coruña

Afeccionada ao cómic e ao debuxo, xa decidira estudar Belas Artes cando escollera o bacharelato artístico en lugar do científico. En 2011 múdome a Barcelona para comezar o grao na Universidade de Barcelona e encontro un mundo diferente do que imaxinara ata entón, cheo de modelos de expresión distintos do meu, teño, en fin, os primeiros contactos co mundo da arte contemporánea. Dubido que alguén poida pasar por unha universidade de Belas Artes, sexa cal sexa, e non alterar profundamente a súa práctica artística. A min levoume un tempo conciliar ese primeiro movemento de interese polo debuxo figurativo cos exercicios formais e teóricos que requiría a miña formación universitaria. Mentres descubría este novo mundo da arte fun participando nalgúns concursos de cómic e sacando adiante o fanzine Sacoponcho que cocreara canda Xulia, Luís e Paloma, de maneira que se mantivo viva a miña faceta de debuxante. Agora que estou interesada polo cine engádese unha nova capa á miña maneira de entender os cómics, unha que, espero, me axude a seguir creando eses espazos secuenciais e a seguir desfrutando deles como lectora.







**MEMBROS DO XURADO DO
CERTAME XUVENTUDE CREA 2017**

**ESPECIALIDADE DE
COCIÑA**

PRESIDENTA:

Yolanda Otero Balsa, *subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social*

VOGAIS:

Cristóbal Ramírez Gómez
Faustino Batallán Cons
José Luis Calo Otero

SECRETARIA:

M^a Consuelo Méndez Mouzo



**FORMACIÓN ACADÉMICA:**

- 2007-2017. UVIGO.Vigo. Escola de Enxeñería Industrial. Grao en Tecnoloxías Industriais.

EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- 2006-actual. A Veiga S.L. Samos, Sarria (Lugo).
- 2009-2012. Pizzería Salento. Sarria (Lugo)
- 2012-actual. Cafetería Parisien. Sarria (Lugo)

1º PREMIO

Andrés Díaz Pérez

Paradela (Lugo)

Son un rapaz de Lugo que desde pequeno tiña claro que quería ser enxeñeiro. A raíz desta decisión, comecei no mundo laboral na rama da hostalería con 16 anos como camareiro para complementar economicamente a axuda dos meus pais para estudar en Vigo.

Esta decisión levoume a traballar en diferentes lugares con diferentes persoas e estilos, o que me permitía aprender algo novo cada semana e xerou en min esa curiosidade e paixón pola cociña. As persoas máis importantes na miña formación foron a xefa de cociña da Veiga e a miña nai, cociñeira coa que comparto receitas e inxerencias culinarias. Para min a cociña e unha maneira de expresarse fronte a xente, de contarlles mediante a comida a túa experiencia e as túas viaxes. A verdadeira arte oculta na cociña é conseguir facer dun acto diario e necesario, unha experiencia única e inesquecible.

Costelas de porco celta agridoce con puré de castañas, queixo do Cebreiro e emulsión de pementos





FORMACIÓN ACADÉMICA:

- 2006-2011 Escola Universitaria de Traballo Social. Santiago de Compostela. Diplomada en Traballo Social.
- 26/10/2011 Recursos Galicia. Santiago de Compostela. Manipulador de alimentos.
- 01/2013-02/2013 Casa Rosada. Poio (Pontevedra). Tapas, Pinchos e Canapés.
- 11/2013 Casa Rosada. Poio (Pontevedra). Cociña Internacional.
- 07/2014-08-2014. Femxa. A tapa: novas tendencias.
- 10/2014 lafi. Innovación na cociña.
- 06/2015-11/2015 Universidade da Coruña. Santiago de Compostela. Curso de Posgrao de Especialización en Orientación Laboral.
- 01/2017-11/2017. Universidade Rey Juan Carlos de Madrid. Curso Superior Universitario en Cooperación Internacional.

EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- 06/2017- actualidade. Traballadora social no Concello de Vilagarcía de Arousa. (práctica laboral)
- 11/2015-05/2016. Traballadora social en AFAPD (Asociación de familiares enfermos de Alzheimer e outras demencias de Pontevedra)

2º PREMIO

Mª José Losada Acero

Sarria (Lugo)

Son unha persoa a quen lle gusta aprender continuamente novas cousas e vivir novas experiencias tanto no traballo coma no tempo libre. Levo gozando da cociña desde que teño 8 anos, cando a miña nai me ensinou a facer cousas sinxelas como ovos fritos. A partir de aí comecei a explorar pola miña conta e facer as miñas ceas.

Estou interesada nunha aplicación da creatividade a través da cociña, o teatro, a música e a arteterapia, opino que poden ser boas ferramentas de integración social e que poden ofrecer a posibilidade de derivar nunha vía de orientación laboral, nunha mellora das habilidades sociais, da intelixencia emocional e nunha prevención de condutas destrutivas.

Taco de aquí e de acolá



**FORMACIÓN ACADÉMICA:**

- 2017-2019 EAV, Vigo. Ciclo Superior de Son e Audiovisuais. VIGO
- 1995-2010 Sagrado Corazón de Jesús. Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato. Pontevedra.

EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- Un pouco de todo e por todos os lados. Viaxando e traballando.

3º PREMIO COMPARTIDO

Luis López Fernández

O Carballiño

Rematados os estudos marchei para Inglaterra e alí estiven 5 anos traballando e viaxando dentro e fóra da Comunidade Europea. Regresei á miña cidade, Pontevedra, para estudar de novo e matriculeime en Son e Audiovisuais. A experiencia con Xuventude Crea valeume de moito e volverei a presentarme á próxima edición.

Figadallo






3º PREMIO COMPARTIDO

Eva Correa Fontán

Gondomar

O mar nunha botella







**MEMBROS DO XURADO DO
CERTAME XUVENTUDE CREA 2017**

ESPECIALIDADE DE DESEÑO DE XOIAS

PRESIDENTA:

Elena Fabeiro Castro, *xerente da Fundación Centro Galego de Artesanía e do Deseño*

VOGAIS:

María Noelia Peña Pérez
José María Mayer Segade
Miguel Rodríguez Bertojo

SECRETARIA:

M.^a Pilar Lorenzo Vilar



**1º PREMIO**

Eva Baqueiro Gil

Cangas do Morrazo

Desde que teño uso de razón gústame realizar traballos manuais e artesáns. A miña principal fonte de inspiración é a natureza. O mar, as plantas... a vida en si mesma e a xoiería é un mecanismo de expresión moi amplo que me permite plasmar e transmitir ideas e sentimentos.

FORMACIÓN ACADÉMICA:

- 2008-2010 C.F.P. Sanitex. Vigo. C.F. Grao superior en prótese dental.
- 2013-2014 C.F.P. Adema. Palma de Mallorca. C.F. Grao superior hixiene bucodental.
- 20014-2016 Escola técnica de xoiería do Atlántico. Vigo. C.F. Grao medio xoiería artística.

EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- 2005-2005 Calzados Pumar. Cangas. Dependenta
- 2016-2017 Vintage Bijoux Preziosi. Verona. Bolseira

OUTROS PROXECTOS:

- 2015- Museo de Pontevedra. Exposición 10 anos de xoias de autor no atlántico.
- 2015- Corte Inglés de Vigo. Exposición 10 anos da xoia de autor no atlántico, Corte Inglés de Vigo (sección xoiería).
- 2015- Museo do automóbil de Málaga. Cetro realizado para o certame de beleza "Guapo de España 2015".
- 2015- Teatro Circo de Albacete. Coroa e cetro realizados para o certame de beleza Rei e Raíña da beleza España 2015.
- 2017- Primeiro premio Xuventude Crea.

Cando a marea baixa...



**FORMACIÓN ACADÉMICA:**

- 2016-2010 UDC. EUDI Ferrol. Grao en Enxeñería Técnica en Deseño Industrial
- 2011 Pompeu Fabra. ELISAVA. Barcelona. Postgrao en Deseño de Mobiliario
- 2013-2015 EASD. Mestre Mateo. Santiago de Compostela. C.S Xoiería artística

EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- A caballo entre o deseño e desenvolvemento de mobiliario e a creación de xoiería artística contemporánea.


2º PREMIO

Sonia Fernández Gandásegui

A Coruña

Natureza + Viaxe + Cans + Deseño + Artesanía



**FORMACIÓN ACADÉMICA:**

- 2015-2017 Xoiaría artística, Mestre Mateo. Santiago de Compostela


3º PREMIO COMPARTIDO

Daniel Martínez González

Son un creador intuitivo e innovador, gústame mesturar a arte coas novas tecnoloxías, a luz e a percepción das cores. Todo isto sen deixar de lado o interese psicolóxico e a carga emocional que intento transmitir ao observador.

Cada xoia que sae do meu taller é un traballo profundamente persoal e introspectivo que se presta a múltiples interpretacións nun xogo que fai partícipes a todos os que se animen a reflexionar.





FORMACIÓN ACADÉMICA:

- 2014-2015 EASD Mestre Mateo. Monográfico de xoiaría.
- 2015-2017 Ciclo superior de Xoiaría Artística.

EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- 2017 Empresa Druída Orfebre. A Estrada.

3º PREMIO COMPARTIDO

Xana Villalobos Salgado


Santiago de Compostela


Hai só tres anos que descubrín a xoiaría artesá e o que antes non era máis que metal, pedras e adorno transformouse nunha arte ante aos meus ollos. Percibín por primeira vez os segredos que gardaba a prata e sentín unha paixón sen medida. Agora, dando os meus primeiros pasos, redescúbroa cada día.

Son, pois, xoieira de martelo e lume e para min cada peza é parte do que levo dentro e da terra na que vivo, unha transformación da materia que me atrae coma a calor á soldadura.

Escornabois







MEMBROS DO XURADO DO CERTAME XUVENTUDE CREA 2017

ESPECIALIDADE DE FOTOGRAFÍA



PRESIDENTA:


Yolanda Otero Balsa, *subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social*

VOGAIS:

Xoán Arias Soler
Xoán Álvarez Rey
Emilio Lavandeira Villar
Fernando Blanco Rajo
Sandra Alonso Suárez

SECRETARIA:

M.^a Belén Pardal García



FORMACIÓN ACADÉMICA:

- 2006-2013: Enxeñería Técnica Industrial, especialidade Química Industrial (UVigo)
- 2011-2012: Mestrado en Contaminación Industrial (UVigo)
- 2014-2015: Mestrado en Prevención de Riscos Laborais (UVigo)

EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- 2015-2018: SATEC. Vigo
- 2015: UNIPRESALUD. Vigo
- 2014-2015: Enxeñería Rías Baixas. Porriño
- 2011-2012: PSA, Peugeot Citroën. Vigo

1º PREMIO


Marta León Martínez

Ourense

Son Marta, una rapaza nacida en Ourense hai 29 anos. Os estudos e o traballo leváronme ata Vigo, onde resido desde os 18 anos.

Unha das miñas paixóns é viaxar e coñecer novas culturas. Isto foi o que me levou a interesarme pola fotografía. Para min, é o mellor modo de plasmar todas estas vivencias quedando así, recordos para toda a vida.



**FORMACIÓN ACADÉMICA:**

- 2014-2016 EASD Pablo Picasso. Técnico Superior en Artes plásticas e Fotografía
- 2016/actualidade título EASD Pablo Picasso Superior de Deseño, especialidade en Deseño Gráfico

EXPERIENCIA PROFESIONAL:


- 2016/actualidade ZLICK A Coruña

2º PREMIO

María Vérez Escudero

A Coruña

Por el amor de Dios!





FORMACIÓN ACADÉMICA:

- 2008/2013. UVIGO. Grao en Traballo Social.
- 2014. Femxa. Curso de desenvolvemento de produtos editoriais multimedia.
- 2015-2017. IES Audiovisual de Vigo. Ciclo Superior en Iluminación, Captación e Tratamento de Imaxe.
- 2017-2018. Femxa. Curso de experto en márketing dixital e comercio electrónico.

EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- 2012. Hospital Xeral-Cies. Vigo.
- 2014-2015. Adquiro Servizos Integrados, S.L. Vigo.
- 2017. Visual PC Studio. Vigo.

3º PREMIO COMPARTIDO

Estefanía André Feijóo

Vigo

Pese a que a miña traxectoria formativa e laboral non sexa meramente artística, desde moi pequena estiven moi ligada a esta disciplina. Para min, expresar mediante fotografías, debuxos, pinturas e escritura é como unha terapia, atreveríame incluso a referirme a estas actividades como a miña forma de meditar, de conectar comigo mesma e de facer auto análise.

Experiencias persoais, problemáticas sociais, aspectos da vida cotiá e mesmo pezas audiovisuais forman parte daqueles elementos que me inspira á hora de facer o que máis me gusta: crear. Por exemplo, neste caso, a miña obra “Fases dunha opresión” representa, desde a miña propia experiencia e perspectiva, unha problemática social que vén sendo unha realidade desde fai séculos: a violencia de xénero.

Fases dunha opresión



**FORMACIÓN ACADÉMICA:**

- 2015-2017 Ciclo Superior de Fotografía - EASD Mestre Mateo. Santiago de Compostela.

EXPERIENCIA PROFESIONAL:


- 2017-2017 Asistente de retoque dixital e fotografía para o fotógrafo Guillermo Sola. Madrid.
- 2017- Actual fotografo colaborador coa axencia de modelos inglesa Supa Models. Londres.

3º PREMIO COMPARTIDO

Sergio Villar Penas

Miña nai sempre me di que nunca conto nada, pero non está no certo. O que ela non sabe é que cando non conto nada, na realidade estouno a contar todo.

Amante do que os demais consideran erros. @aoishots



**FORMACIÓN ACADÉMICA:**

- Técnica Superior en Fotografía Artística pola Escola Pablo Picasso.
- Licenciada en Publicidade e Relacións Públicas pola Universidade de Vigo. Un semestre realizado na Uniwersytet Wroclawsky en Wroclaw (Polonia) e outro na Universidade Católica do Uruguay.
- Licenciada en Comunicación Audiovisual pola Universidade da Coruña.

MENCIÓN DE HONRA


Andrea Rodríguez López

Monforte de Lemos

Fun axudante de fotografía de Óscar Companioni e traballei en varias empresas como deseñadora gráfica.

Na actualidade teño o meu estudio artístico na Coruña onde desenvolvo proxectos para distintos clientes.

Ataraxia







MENCIÓN DE HONRA

Antía Monroy Rivas

Redondela

Phantom Limb







MEMBROS DO XURADO DO CERTAME XUVENTUDE CREA 2017

ESPECIALIDADE DE GRAFFITI



PRESIDENTA:

Yolanda Otero Balsa, *subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social*

VOGAIS:

Amabel González Troncoso


Pow One

Sokram

Alonso Antonio de la Cantera Álvarez

SECRETARIA:

Carmen Pereiras Pérez

**FORMACIÓN ACADÉMICA:**

- Estudos superiores nos anos 2009-2011 como técnico de Artes Plásticas e Deseño en Ilustración na Escola Pablo Picasso.

EXPERIENCIA PROFESIONAL:


- Experiencia desde hai máis de 10 anos realizando encargos para particulares.

1º PREMIO

Brais Rodríguez Trigo

A Coruña

“O graffiti fodeu a miña vida.”





FORMACIÓN ACADÉMICA:

- 2008-2010-Instituto de Adormideras A coruña-Bachillerato, Artes, Estudos artísticos
- 2010-2012-EASD Pablo Picasso-Ciclo superior de Ilustración
- 2012-2013-EASD Pablo Picasso-Cursado primeiro ano de Deseño Gráfico

EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- 2014-2017-Deseñadora de moda. Empresa-Corguitex,S.L
- 2017-actualidade-Deseñadora de moda-Inditex,S.L

2º PREMIO

Aldara Rodríguez Patiño

A Coruña

Son ilustradora e deseñadora de moda, dedícome ao que máis me gusta e, desde hai tres ou catro anos, comecei a trasladar as miñas ilustracións a un formato maior como un muro ou parede, utilizando pintura en sprays e pintura plástica.

Gústame utilizar variedade de cores sen que correspondan coa realidade e mesturar distintos tratamentos da ilustración nos diferentes elementos que compoñen a obra para crear unha situación ou idea a medio camiño entre o surrealismo e a realidade xeralmente levado a un mundo máis propio da ilustración infantil.

Na miña opinión, esta actividade e as súas variantes precisan de esforzo e constancia e levan á superación dun mesmo para querer facelo cada vez mellor.

Entre realidade e fantasia



**FORMACIÓN ACADÉMICA:**

- 2014 – Actualmente Uvigo. Pontevedra.
Grao en Belas Artes

3º PREMIO

Miguel Aurelio Cajaraville Mosquera

Baiona

Na miña adolescencia intereseime polo mundo do hiphop americano, a música rap, o skate e o graffiti. Este encontro cos sprays fixo que a miña curiosidade artística espertase, polo que decidín comezar os estudos de Belas Artes.

Desde entón, intento explorar e coñecer distintos campos artísticos e, á vez, levar a miña disciplina, o graffiti, a todos eles.





FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2007-2011. Facultade de Belas Artes, Pontevedra.
- 2010. Ecole Européenne Supérieure de l'Image, Angoulême (Francia).
- 2012. curso de gravado calcográfico, Fundación CIEC. Betanzos (A Coruña).
- 2012-2013. Postgrao de ilustración, Escola BAU, Barcelona.
- 2013-2014. Mestrado de obra gráfica, Fundación CIEC. Betanzos (A Coruña).
- 2016. Curso sobre álbum ilustrado do Laboratorio Emilia. Formación online.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2017. Editorial Santillana, ilustradora.
- 2017. Revista El Ancla (A Coruña).
- 2016. Decoración mural. Culleredo.
- 2015. Decoración mural. Culleredo.
- 2015. Editorial Galaxia, ilustradora.
- 2014. Taller de gravado La Granja (Granada), axudante de taller.
- 2013-2014. Walrus Books (Barcelona), álbum ilustrado 'En boca del lobo'.
- 2012. Decoración mural, Denia.
- 2010. Deseño e campaña gráfica do proxecto Naturaliza, '1er Festival pola Cultura Medioambiental' (Pontevedra).
- 2010. Exhibición e taller de graffiti en festival 'Arte + Parte' na Coruña.

MENCIÓN DE HONRA

Iria Fafián Alonso

Vilanova i la Geltrú (Barcelona)

Estudei Belas Artes en diversas facultades españolas e no l'École Européenne de l'Image de Angoulême (Francia). Especialiceime en ilustración na Escola BAU de Barcelona e cursei un mestrado en obra gráfica na Fundación CIEC (Betanzos, Galicia).

Sempre me interesou a creación de imaxes, o proceso creativo e a investigación gráfica, por iso convertín a miña paixón polo debuxo na miña profesión e ocupación diaria.

As miñas temáticas predilectas están moi ligadas coa comprensión da natureza en relación ao humano, á busca interior do salvaxe e o cambio de rol dos personaxes clásicos.

O debuxo ao natural é un fiel compañeiro, por iso sempre levo comigo as miñas libretas de esbozo.

Móvome en distintos campos artísticos como o muralismo urbano, as técnicas gráficas, o debuxo... Isto permíteme cambiar de rexistro e de soporte para desenvolver distintas linguaxes como se de distintas personalidades se tratara.

Un sorriso





MENCIÓN DE HONRA


Víctor Incio del Río

A Coruña





MEMBROS DO XURADO DO CERTAME XUVENTUDE CREA 2017 ESPECIALIDADE DE MODA



PRESIDENTA:

Yolanda Otero Balsa, *subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social*

VOGAIS:

Heriberto Otero González
Belén Correa Corredoira
Patricia García Lema
María de Fátima Díez Platas

SECRETARIA:

Antía Guillén García

**FORMACIÓN ACADÉMICA:**

- 2014-2017 Academia Pin Factory. Vigo. Curso de Deseño de Moda e Patronaxe.
- 2003-2005 IES A Carballeira. Ourense. Bacharelato.

1º PREMIO

Thalita Dumont

Venezuela

A moda é a miña vocación, de nena xogaba debuxando as miñas propias coleccións nun pequeno caderno e soñaba con que fora a miña profesión de maior.

Aos 23 anos comecei creando os meus propios deseños inclusive púxenos a venda en eBay. Cando decidín procurar os meus soños, trasladéime a Vigo para poder conxugar o meu traballo cos estudos, deixando atrás a cidade que me viu medrar, xirando a miña vida 360°. Daquilo hai tres anos, data na que comecei a miña carreira nesta escola.

A moda apaixóname e considérome creativa e boa comunicadora. No futuro máis preto quero continuar a miña formación, pero sen quitar o ollo dese soño de dedicarme a isto e poder ver como a xente se namora do meu traballo.

Amy





FORMACIÓN ACADÉMICA:

- 2006-2009 USC, Santiago de Compostela. Diplomada en Óptica e Optometría
- 2009-2010 CIFP Ánxel Casal, A Coruña. Técnico Superior en Audioloxía Protésica
- 2013-2014 CIFP Manuel Antonio, Vigo. Confección e Moda
- 2014 First Certificate Of English, University of Cambridge
- 2014 Academia Galega do Audiovisual, A Coruña. Mestrado Class Deseño Vestiario
- 2014- Actualidade Pin Factory, Vigo. Deseño de Moda e Patronaxe

EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- Finalista, IV Concurso de Xoves Deseñadores de Ferrol Fashion Night.
- 3º premio, Certame Xuventude Crea 2015
- Finalista, Certame Getxo Moda 31
- 2º premio, V Concurso de Xoves Deseñadores Ferrol Fashion Night
- 2016 Vestiario da curtametraxe Todo por Galactus
- 2016 Arte, atrezzo e vestiario do videoclip Aligrina do grupo Trilitrate

2º PREMIO

Iria Carrera Chapela

Vigo

Comecei a miña traxectoria dentro do mundo do deseño dun xeito natural, experimentando e investigando pola miña conta. Sempre pensei que a miña profesión estaría vinculada co mundo das ciencias, pero, co paso do tempo, as miñas inquedanzas artísticas fixéronme reformular o meu futuro profesional, tomando a decisión de facer un cambio drástico de dirección.

Ademais de apaixonarme a expresión artística por medio do deseño de moda, tamén atopo moi interesantes o mundo da música e do audiovisual. É por isto que adoitan a ser parte do proceso creativo dos meus proxectos e son unha gran fonte de inspiración.

Not your babe





FORMACIÓN ACADÉMICA:

- 2006-2013 UDC. Arquitectura. Especialidade en Estruturas.
- 2013-2014 USC. Mestrado en Rexeneración Urbana e Rehabilitación.
- 2015-2016 María Barros. Deseño de moda e técnicas de modelaxe.
- 2017 – actual. UVIGO. Mestrado en Deseño e Dirección creativa de Moda (ESDEMGA).

EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- 2016 Finalista do Concurso de Xoves Deseñadores da XXVI Mostra do Encaixe de Camariñas. Selección para cinco desfiles.
- 2016 (Setembro) Devota&Lomba. Madrid. Asistente de sitting no desfile S/S17.
- 2017 (Febreiro) Devota&Lomba. Madrid. Asistente de fitting e vestuario no desfile F/W17-18.
- 2016-2017 Prácticas en María Barros. A Coruña. Deseño de coleccións, fichas técnicas, toiles, comunicación e deseño gráfico.

3º PREMIO

Tania González Campos

A Pastoriza, Lugo

Entrei no mundo do deseño a través da arquitectura e da man dela descubrín que a moda era o campo ao que realmente me quería adicar. Enténdoa como un medio de expresión, como un lenzo que traballar para conseguir transmitir conceptos e emocións. Cada deseño, cada colección, son un reflexo dun modo de vida, de entender a vida, polo que os temas tratados tenden a ter un punto íntimo, persoal.

Muda(nte)







MEMBROS DO XURADO DO CERTAME XUVENTUDE CREA 2017 ESPECIALIDADE DE MÚSICA



PRESIDENTA:

Yolanda Otero Balsa, *subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social*

VOGAIS:

Francisco Allo Fernández
Gandy
Manoele de Felisa

SECRETARIA:

M.^a Jesús López Cernadas

**FORMACIÓN ACADÉMICA:**

- Cursei os meus estudos na Real Escola Superior de Arte Dramática de Madrid, Real Escola Superior de música e teatro de Lithuania, entre outras.

1º PREMIO COMPARTIDO

Aida Blanco

Ourense

Son unha cantante, actriz e compositora ourensá. No 2017 recibo unha bolsa internacional chamada “Buzzmeetsbiz” que me leva a actuar coa miña música en Ghana. Destaco a miña participación en programas televisivos como “The X Factor Lithuania” e “Got Talent España” entre outros. Menciono estes escenarios nos que tiven a oportunidade de actuar Fabrik no 2011, Music Aalborg Festival no 2016, A cuberta de Leganés no 2015 entre outros.

A primeira vez - Vuela





FORMACIÓN PROFESIONAL DO GRUPO

- 06/02/2016. Clavicémbalo (Lugo)
- 20/02/2016. A Arca da Noe (Vilar de Santos)
- 02/03/2016. Escenario Aberto (Santiago)
- 26/03/2016. Var con Uve (Moaña)
- 15/04/2016. Sala Fundación (Melide)
- 15/07/2016. ARTEYSAN (Santiago)
- 10/08/2016. Feira do libro (A Coruña)
- 11/08/2016. Praza de Galicia (Arzúa)
- 01/12/2016. O Ateneo 30 - Presentación de "A Peza Solta" (Santiago)
- 18/02/2017. Roi Xordo (Allariz)
- 22/02/2017. Centro Ágora (Presentación curta "Corazón Amaratado") (A Coruña)
- 31/03/2017. Festival O Valse (Melide)
- 23/05/2017. Estrea Guerrilla. TikTak Teatro (Santiago)
- 09/07/2017. Praza dos Libros (Carballo)
- 11/08/2017. Serán de Troula (Cambados)
- 15/08/2017. Día das Galegas nas Letras (Santiago)
- 30/09/2017. Presentación Casandra (Arzúa)
- 07/10/2017. Sea Sons Festival (A Coruña)
- 13/10/2017. Muller e Música na Galiza (Ferrol)
- 09/11/2017. LGx15 (Santiago)
- 18/11/2017. Final Xuventude Crea 2017
- 25/11/2017. Arzúa Ecolóxica (Arzúa)
- 04/12/2017. Garufa Club con Fizzy Soup (A Coruña)
- 13/12/2017. Cidade da Cultura –Premios Xuventude Crea 2017– (Santiago)

1º PREMIO COMPARTIDO

MJ Pérez

Agosto 2013

Son MJ Pérez, unha das novas voces do panorama actual da música galega. Con pouco máis de 3 anos de traxectoria, os meus músicos e máis eu acumulamos xa case 100 concertos por toda Galicia e 3 discos: "Ollos que non ven, síntoma de cegueira" (autoeditado e autoproducido), "Guerrilleira" (autoproducido) e "Casandra" que estamos presentando agora. Pasamos xa por festivais como o Noroeste Pop Rock e polos principais circuitos de concertos do panorama galego. Fomos finalistas no I Certame de Canción de Autor organizado polo Concello de Teo e acadamos un segundo posto no VIII Concurso Musical da Deputación da Coruña.

Actualmente, obtivemos un 1º posto no programa Xuventude Crea 2017, organizado pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia. O Rock-Pop combínase con outros estilos e xéneros musicais neste proxecto onde empregamos a música como medio de expresión e o traballo constante como clave para seguir creando e avanzando neste camiño.

Cassandra - Sempre





FORMACIÓN PROFESIONAL DO GRUPO

- 12/2017. NuncaMáisFest en Transylvania Pub
- 11/2017. Final Xuventude Crea 2017 en La Espina (Bergondo).
- 10/2017. Guttet + Dioivo en Transylvania Pub.
- 09/2017. Trve Izorian Black Metal Fest en Burburío Kultur Elkartean (Amurrio).
- 08/2017. Abduction Fest en Sala Máster Club
- 03/2017. Dioivo + Violblast en Transylvania Pub
- 03/2014. Concerto presentación EP “Dioivo” en Pub Frenopatiko: Dioivo + The Savage Pears.
- 12/2016. Concerto en Pub Transylvania: Dioivo + Somewhere Beyond + Democide.
- 11/2016. Xornada solidaria en C.S.O.A. A Quinta da Carmiña: Dioivo + The Savage Pears.
- 11/2016. Final do concurso “Xuventude Crea”, na discoteca Factory Room (Melide)
- 09/2016. Warm Up Solucions Extremas V en C.S.O.A. A Quinta da Carmiña: Dioivo + Mondo Podre + Psicofenómenos.
- 09/2016. Replyca + Dioivo, no Hangar 77.
- 06/2016. Dioivo + Zan Hoffman, en Pub Frenopatiko.
- 05/2016. Concerto de estreno de Dioivo: Dioivo + Satanasia, en Pub Frenopatiko.

2º PREMIO COMPARTIDO

Dioivo

(Daniel Valladares Otero, Vigo – Jacobo Mouriño Almeida, Vigo)

2016

Dioivo nace hai un ano a raíz da nosa participación no concurso local “Musicando a Rosalía”, para o cal compuxemos a música para o poema “Sempre pola norte esperas” da famosa poetisa galega. Desde entón, deixamos o noso anterior grupo, Rust In Peace, coa idea de continuar co proxecto de maneira máis seria e comezamos a dar os nosos primeiros concertos en directo, a gravar en estudio o noso homónimo e primeiro EP (o cal presentamos en novembro do 2016) e mesmo volvemos pasar por un concurso, neste caso o “Xuventude Crea”, no cal acadamos o segundo premio compartido. Actualmente, estamos centrados en rematar o noso traballo en formato físico, presentala en futuros concertos e na gravación de novo material.

Terra esquecida - Ao Lonxe




**2º PREMIO COMPARTIDO**

Postal

Postal somos un dúo formado por Jacobo Bahamonde Rey e Osvaldo Tudesca Jeria. Levamos uns cantos anos facendo música e xurdiunos a inqueda de intentar algo acústico, harmónico e agradable. As nosas dúas cancións presentadas a esta gran iniciativa, que é Xuventude Crea, falan musicalmente dun estilo mancado e bastante dilapidado. Pese a ser un proxecto totalmente sen percorrido previo, ambos os dous expresamos a nosa bagaxe musical entre as notas, con proxección e expectativas de futuro.

Tell me lies - Voltarei



**3º PREMIO COMPARTIDO**

Atdeton

(pronunciación: atedeton)

Son un MC Ourensán de traxectoria underground o cal decidiu tomar un sendeiro máis serio para poder levar a miña música a todas partes. O primeiro paso foi xuntarme co produtor e compositor ourensán Big Sgar para formular un proxecto novo.

Quedou así plasmada a aposta de cada un polo outro na produción dunha vintena de temas de estilo rap actual con toques old-school, cunha viaxe instrumental desde os anos 90 ata o 2018 (producidos no estudio de "9DobleOcho"), acompañados dos seus respectivos videoclips musicais. *Sacrificio* e o título deste traballo, porque para logralo fixo falta moito.

"AQUÍ SEGUIMOS FIRMES DANDO VOZ ÁS NOSAS LETRAS"





FORMACIÓN PROFESIONAL

- A única e primeira actuación foi en Bergondo, no bar La Espina, o 18 de novembro do 2017, no certame Xuventude Crea. Polo momento teño planificada unha actuación máis para o 20 de abril no bar Pavero en Pontevedra.
- Nestes momentos estou a rematar o primeiro EP do proxecto, que se leva preparando desde xaneiro do 2017. Ademais, entre agosto e setembro do 2017 producín o EP "Sandoval 4" da artista pontevedresa Cora Sayers, presentándose este en Disco Grande, en Radio 3.

3º PREMIO COMPARTIDO


Brotasol

Aproximadamente en outubro de 2016

Brotasol é un proxecto música de César Tato Castro. Xurdiu dunha necesidade mentres estudaba a carreira de filosofía. A causa disto ou grazas a isto, o proxecto véñse vertebrando arredor dalgúns dos fenómenos, intuicións e conceptos que máis nos dan voltas pola cabeza.

O son do proxecto aínda esta a definirse. Emprego un programa dixital para facer as cancións; os instrumentos empregados, ademais dos dixitais, son a voz e o teclado. Polo momento, semella que musicalmente ten unha vertente máis etérea e tranquila e outra máis pesada e enérxica. Teño diversas influencias e non sei con certeza como se articulan na música. Podería nomear algúns xéneros: *darkwave*, *synth-pop*, industrial, pop, algúns subxéneros do metal, música tradicional... O nome Brotasol e as palabras que o compoñen sinalan a época na que vivimos. Remiten a falta de sentido na existencia e, ao mesmo tempo, a necesidade da súa busca, de "limpar e coidar os camiños" que aínda teño que transitar. O proxecto recolle e adopta este fluxo como propio e pretende darlle expresión desde a experiencia persoal.







**MEMBROS DO XURADO DO
CERTAME XUVENTUDE CREA 2017**

**ESPECIALIDADE DE
POESÍA**



PRESIDENTA:

Yolanda Otero Balsa, *subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social*


VOGAIS:

Guadalupe Gómez Arto
Xosé Luna Sanmartín
Luis González Tosar
Victor Manuel Furelos Guillén

SECRETARIA:

Pilar Tamerón Montesinos



**FORMACIÓN ACADÉMICA**

- 2008-2011 USC. Santiago de Compostela. Diplomada en Maxisterio de Educación Primaria.

1º PREMIO

Sonia Martínez López

Sarria (Lugo)

Actualmente resido en Málaga, onde realizo estudos de Historia da Arte e traballo en diferentes proxectos expositivos e editoriais. Coordinei o libro monográfico sobre a morte Obituario (Fundación Málaga, 2015). Codirixín as revistas Obituario, MacGuffins, Gorogó e Verdescuro. No ámbito poético fun galardoada en 2015 co primeiro premio de MálagaCrea e o segundo premio do certame Xuventude Crea. Recentemente obtiven un accésit no Premio de Poesía Impresor Andrade Martín, do Ateneo e a Universidade de Málaga, tamén recibín o primeiro premio no certame Xuventude Crea 2017 e o primeiro premio no certame Jóvenes Creadores do Concello de Salamanca.

O Abeiro

REFRACCIÓN

A mirada dilatada do que ama
é capaz de irradiar a suficiente luz
para alagar unha casa
e poder chamala fogar.

O Abeiro

Sonia Martínez López

TELERREALIDADE

Propóñome estudar a velocidade límite da dor
ao caer sobre a aridez da mácula.

Sonia Martínez López

O Abeiro

COLORETE

Ante o astro caído
tan só cinzas
coas que adornar as meixelas.

LODO

Por cada fillo que non tiven
medran en terras sen ceo
raíces que non levar á boca. 5

UMBILICAL

A miña nai,
como as formigas,
tamén é capaz de levantar
cincuenta veces o seu peso cada mañá.
Hai unha familia desdeñosa á que alimentar.

O Abeiro

Sonia Martínez López

HAIKU

Pode o verán
caber no intenso azul
da libélula?

SUPRESIÓN

Desvincular
a chaga do puñal,
sen procesos de dó.
Como a quenlla,
que nunca descansa
as branquias.

CLÍMAX

Observo no meu dedo
o extremo do ioiío.
É unha soga,
ou quizais o lazo
que capture á besta.

SETEMBRO

Árbores suturando o horizonte,
diverxen como espiñas de pescado.
Hierático pano de fondo,
vacante de cor,
crebado só
polo deambular das pegas;
semellan monxas de clausura
purgando o prado.

O Abeiro

Sonia Martínez López

PREAMAR

Máis incontido que o tempo
é o baleiro que o colma.

Sonia Martínez López

O Abeiro

FRAUDE

Quixemos ser hedra,
cauterizar a greta,
pero caemos por ela.

O Abeiro

Sonia Martínez López

RONSEIS

Tódalas despedidas
reverberan na miña mente
e chágana
como pisadas na neve.

Sonia Martínez López

O Abeiro

ALPINISTA

Pasaron os anos,
máis non me deron perspectiva,
tan só mal de altura.

O Abeiro

Sonia Martínez López

O MONSTRO BAIXO A CAMA

Toda aquela tristeza
musitada entre as sabas
xa non é máis que
po acumulado.

PLANO CENITAL

Como dúas cabezas de alfinete
sobre seda branca,
as pupilas.
Escuro vidro,
que non volverá
a entornarse para fugar
nos pregos da memoria.
Xa non.
Agora só luz
viaxando cara á nada.

O Abeiro

Sonia Martínez López

DOBRE BARRA FINAL

Sen público que
poida emitir
valoración alguna,
acontece o silencio;
o groso loito
do límite da partitura.



FORMACIÓN ACADÉMICA:

- 2008-2013 Universidade Complutense de Madrid (Madrid). Licenciada en Xornalismo.
- 2013-2014 Universitat de València (Valencia). Mestrado en Literatura Comparada e Crítica Cultural.
- 2015-2016 Universidade de Vigo (Campus de Ourense). Mestrado en Educación Secundaria.
- 2017-actualidade. Universidade de Santiago de Compostela. Tese de doutoramento sobre a poesía de mulleres en Galiza e Irlanda, no departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá da Facultade de Filoloxía.

EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- 2015-2015. Crumlin Road Gaol (bolseira de comunicación). Belfast.
- 2015-2016. New Wave (escola de linguas). Ourense.
- 2017-2017. Control Z (presentadora de "Galego en tres minutos"). Santiago de Compostela.
- 2017-actualidade. Universidade de Santiago de Compostela (bolseira predoutoral da Xunta de Galicia). Santiago de Compostela.

2º PREMIO

Arancha Rodríguez Fernández

(máis coñecida como Arancha Nogueira), Ourense

Nacín un domingo de setembro de 1989 na cidade de Ourense. A miña vida transcorreu entre Madrid, Porto, Belfast, Ourense e Compostela, onde resido actualmente e onde (tento) levar a cabo a miña tese de doutoramento.

Formo parte da plataforma de crítica literaria feminista A Segá, participo de diversos proxectos sociais e practico danza sempre que a vida posmoderna me deixa tempo. A literatura acompañoume sempre, atopando oco nos cuartos de alugamento nos que fun deixando os meus pousos. Durante este tempo, aparezo en diversas antoloxías, así como en revistas literarias.

En 2013 gañei o Francisco Añón de poesía o cal me deu pé a publicar o meu primeiro libro de poemas: Andar descalza. En 2016 gañei o premio da Universidade de Vigo e no 2017 os premios do Concello de Ames e o Mazarelos da USC. Teño participado en diversos recitais e encontros de artistas como o Poemagosto, Cultura que une ou Mar de muller.

Romaría

*humana como son, crin na vitoria
como cre unha nena na festa da parroquia.
Ataque escampe*

*para que non se me permita
nunca
nunca
chegar de novo ao lugar como habitante
abeliano ou cainita.
Emma pedreira*

Introdución (alalá)

a romaría foi un século.

na romaría sigo querendo dicir o que non dixen sendo nena.
todas as mulleres levan saias novas. todos os rapaces teñen zapatos do trinque. por que hai mociñas
coas barrigas gordas. por que non podo dicir mu.

a romaría foi un século. ás veces teño preguntas. outras quero bailar.

a romaría para min sempre é verán. na romaría hai perseidas e familias e cousas-sol. rabúñame a
area entre as pernas aínda que sexa no campo. aínda que teña veráns sen romaría e nas romarías
chova forte, como nos anacos de inverno que quedan en abril.

esta romaría é miña. e na romaría sempre pido matrimonio. pido matrimonio a todo o mundo.

*

O parto (veciña, moza)

que queda de ti
despois do corpo?

Os rapaces

pescudamos como entrar nos soutos,
sobre todo
cando non hai fame.

ás veces esquezo as zocas
e armamos barullo na porta do camiño.

eles camiñan coa brutalidade.

eu queredía morderlles tamén
e barular os andares
como se fose pirata.
pirata para sempre.

pero a min sempre me rifan no xantar.
a eles non.

xa logo volven a casa.
esconden as bicicletas.
xuran non térmonos visto.

*

A verbena

agarrádesvos nas cancións tristes
como se agarran os gatiños ao colo da mamá
con esa présa por vivir
non comprenden shubidú

agarrádesvos para pechar os ollos?

A avoa Carme

todos os dentes son da mesma cor
igual de pequechiños

se miro dentro deles podo escoitar a alma.
bate ao ruxir das cancións,
das mesmas que agora,
son todas sempre as mesmas

e tamén do mar
pero nunca me contaron esa historia.

*

Polis e cacos

subimos polo tellado da parroquia.
sabemos vivir na imaxinación.

*

O palco da festa

non sei da historia da sona.
eu só souben que na praia canta un mouro
e que a filla do veciño ten os ollos das princesas
greis keli
leidi di
o zoar da radio.

se puidese subir ao alto do palco da festa.

*

A subversión (carta a mamá)

pasaba xa do san roque.
mirei sen lentes
nos ollos do eclipse.

A camballota

papá era un estraño
non miraba fútbol
non dicía nada
non cría no lonxe
protexía a dorna.

quería facerlle un debuxo
estraguei o lapis
papá tiña as mans tan rugosas
que non se vía a cor do susto.

no día do loureiro
collíame dos brazos,
dabamos reviravolta.

*

O matrimonio

acabou a festa.
deixádeme que saque as mans
destes dous petos.

Epílogo

non sei camiñar cando volvo ás présas
non é polo lobo
xa non é polo lobo
o lobo non resiste

teño medo de que rompa

a avoa Carme é o lobo
o palco da festa
a dorna é o lobo

pero o lobo non resiste

teño medo

o castigo da mamá é o lobo
as zocas

pero aínda se escoita verbena
non hai grilos

aínda non chegou o plástico.

**FORMACIÓN ACADÉMICA:**

- 2007-2012 USAL Salamanca. Licenciada en Belas Artes
- 2012-2013 UCM. Madrid. Mestrado Universitario en Investigación en Arte e Creación.
- 2015-2016 UDC. A Coruña. Mestrado Universitario en Profesorado en Educación Secundaria (Especialidade Artes Plásticas).

3º PREMIO COMPARTIDO

Nuria Mosqueira Varela

A Coruña

Aínda que na miña formación centreime no eido da imaxe, a escrita estivo sempre aí, dalgún xeito, agardando na casa.

Ultimamente, debe estar rebelde ou adolescente, que comeza a querer saír un pouquiño máis...

ANGUÍAS

Breve danza de metal doméstico

I. O RÍO

Teño a alma de eiroa eivada por mor da guerra
por muros que afundiron cantares e viñas e ameixas.
Aínda en pé, doente e vella esta casa tubérculo
coa doira que remexe cada lúa nas súas portas
e mais nunca, non as creba.
Asolagada a nai baixo unha pedra de ruído,
non serei eu quen xulgue os seus pecados
e cruzo esta ponte vella que non soubo flotar
feita polas mans nunca ceibes do *rojo*.
Cruzo na barca feble que levou vacas
e emigrantes a Lemos a por pasaportes.
E elas, as nenas, cruzan tamén ouveando aturuxos
nesta, nosa tardega vinganza sen remorso,
antes que de esquecemento morran estas augas
co seu doce antollo a viño, a millo, a troitas.
Déixaas morrer de esmorga, déixaas,
bailarán flores feitas coa cinza.

II. BRANCO E NEGRO

Vinte antes
nun filme en branco e negro
onde un mudo chamaba pola cor azul
que perdeu na apocalipse.
Vinte antes, antes de verter a palabra,
cando aínda eramos peixes e deveciamos polo sal
en ribeiras de viño e serodio sexo
que convidou sempre a sermos eiroas.

III. POEMA DE AMOR PARA UNHA ANGUÍA EMIGRANTE

Imaxínote na Habana
primeira filla nada do río,
primeira anguía en chegar aló.
Imaxínote ceibe
nun berce de algas do mar dos Sargazos.
Ti, que te mareas nos barcos
e aínda así cruzaches o océano.
Ti, que fuches e volviches pobre pero amada.
Pel de crocodilo que nin nos fixo ricos
nin nos deixou quedar.
Coma do pexego, carabuña,
atopeite engurrada
mais aínda, aínda e sempre, ceibe
nesta nosa longa noite de neón.

VI. ABRENTE

Eu bailaba, Guantanamo pero non presa,
Guantanamo pero aínda libre,
un son de sol, un son de ron,
unha salsa tártara,
cando un bico do abrete espertou entre os caraveis.
Cadaleitos.
Un pato morría e o seu sangue rexoubaba no Entroido.
 Coitelos, garfos, cazos.
 Formigas no útero.
E fun o son do sol, a índixena do Polo Sur,
a anguía eléctrica do Orinoco.
Vin ás frechas nativas derrubar soldados
porén, eu xa nunca máis chorarei por eles.

V. NOSTALXIA ATLÁNTICA EN SIBERIA

Cheira a frito cun brillo de neón,
nalgunha outra cidade, Vladivostock.
Un home desnortado pide: «Unha de anguilla rolls
e para a princesa, tallaríns con pato».
Ela, cos seus beizos xa transiberianos cheos dun vermello jet lag,
entra na escuridade futurista dos noodles
e lembra con nostalxia o leite vacuno do río e os grelos
e un Entroido feito co sangue.
«Aquí non quedan casas tubérculo».
El mirouna,
«Come on baby light my fire,
somos coma chineses, eles sempre migran».
A atlántica transiberiana dubida e, sen poder evitalo, pensa en alto,
«Cando foi, cando foi que comezamos a ser caníbales?»

VI. METAL DOMÉSTICO [A VINGANZA DE LEDA]

O home pato, froito dos tempos, mirouna e díxolle:

PUTA

Díxollo cos ollos, con todo o seu corpo de suavidade branca.

María, Virxe sen selo, lesbiana de entre as Virxes

colleu un garfo, metal doméstico,

e ela mesma, nena, moza e vella

afundiuno na carne.

Leda, fíxose tempo e mártir, fada e carabela,

lamprea de aluminio, orfa e sen amor.

As plumas e o sangue sobre as flores malvadas

cosidas á túa saia de lagartos batendo rabos

e ao lonxe, ao lonxe a música esvaradía

de tantos *punkis* sedentos de luz.

Todos sorrimos, endexamais Zeus mereceu gañar.

Á fin, o río quedou calmo no abrente e elas danzaron

como só saben danzar as anguías cando descubren o seu sexo.

**3º PREMIO COMPARTIDO**

Tamara Andrés

Combarro (Pontevedra)

Sempre me posicionei no lado linguas e da linguaxe. De adolescente, Magritte e Wittgenstein foron catalizadores. Logo fíxose todo. Os estudos, os traballos e as paixóns. Alén da tradución e a docencia, escribo para abrir portas que se agochan ante o ollo. Por iso tamén conto historias, para recepcionar. Gustaríame interiorizar pronto a linguaxe da danza. Non quero deixar nunca de aprender.

FORMACIÓN ACADÉMICA:

- 2010-2014. UVigo. Grao en Tradución e Interpretación.
- 2014-2015. USC. Mestrado en Estudos da Literatura e da Cultura.
- 2015-2016. UVigo. Mestrado para o Profesorado.
- En curso. UNED. Filoloxía Hispánica.
- En curso. UVigo. Doutoramento en Tradución e Paratradución.

EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- 2014. Dorrón. Círculo Cultural e Deportivo de Sanxenxo
- 2015. Santiago. Fundación Eugenio Granell.
- 2016. Poio. Instituto de Poio.
- 2016. Pontevedra. Educaocio.
- 2016. Moaña. Babelis Idiomas.
- 2017. Vilaboa. Academia Ani.
- 2016-actualidade. Pontevedra. Fedellas.
- 2017-actualidade. Pontevedra. Mundolinguas.
- 2017-actualidade. Universidade de Vigo. Facultade de Tradución e Interpretación.
- 2017-actualidade. Pontevedra. Tradutora, intérprete e correctora autónoma.

a lingua secreta dos nenos franceses

I.

os cativos franceses chámanlle
ao algodón de azucre

barbe-à-papa

queren sentir

aínda

sobre a lingua

as cóxegas dos paxaros

que lles extirpan

ao medrar

o tempo

despois

fai a explosión

inminente

II.

cando non queren ir á escola
cítanse todos na praza da aldea
colócanse un a un en perfecta ringleira
exquisita

o primeiro é quen leva o animal entre as mans
suave linguetón
corren cos seus pantalóns tan curtiños
coas súas saias tan leves
tan lenes

colocados en semicírculo
déixanlle na porta á mestra
un coelliño tan tan pequeno
que a súa inocencia é
inapropiable

québranse a cerámica dos pupitres
as plumas estilográficas

marchan aprender
todo o que agocha
a liberdade

III.

*os nenos franceses non teñen fame
teñen / no estómago / un buraco*

un paxaro crava o peteiro
contra o estómago do pequeno
Jacques
e logo comeza a xirar
limpa, lenta e fundamente
sobre si mesmo
e no espazo
oqueándolle o corpo
instalándolle no ventre
unha promesa de deserto
brisa vento baleiro
limiar de cativa existencia
eliminación da curvatura convexa
que todos os nenos
locen no ventre

cando Jacques inxire o manxar
o paxaro recompón as pezas
e logo emprende o voo sobre os límites
da vasta campiña
coa ollada aberta
a calquera gurgullar
infantil
da fame

IV.

entran na cociña a paso de lobo
pola noite
irradiando a chorro o alborexar

debúxanse no aire as portas dos armarios
como contraventás abertas
e a luz das fendas contorna
os tarros que mamá foi colocando nos estantes
tan pouco a pouco
tan cos anos

(paisaxe da cor)

e que papá aínda non comeu
(non volveu)

arrecende a marmelo
(esponxoso)

a canela

(exótico aroma liña no ar)

ao limón da horta

(entre os dedos cando o biscoito)

sobre o mesado
de xeonllos
os pícaros engóleno todo
celebran
que á súa inocencia
todo lles é pastel

Tamara Andrés

a lingua secreta dos nenos franceses

V.

cae nas mazás
a engurra da nai

os homes rompen as súas pipas

esas son as noites
 dos nenos
máis brancas

guía de lectura

(pequeno vocabulario/diccionario fraseolóxico francés-galego)

- *barbe-à-papa* (barba de papá): algodón de azucre
- *poser un lapin* (poñer un coello): deixar plantado
- *avoir un trou* (ter un buraco): ter fame
- *à pas de loup* (a paso de lobo): no bico dos pés
- *c'est du gâteau!* (é pastel!): está chupado
- *casser sa pipe* (romper a pipa): morrer
- *tomber dans les pommes* (caer nas mazás): desfalecer
- *nuit blanche* (noite branca): noite en vela



BANG





MEMBROS DO XURADO DO CERTAME XUVENTUDE CREA 2017

ESPECIALIDADE DE RELATO BREVE



PRESIDENTA:

Yolanda Otero Balsa, *subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social*

VOGAIS:

Elena Gallego Abad
Armando Requeixo Cuba
Francisco José Castro Veloso
Mario Caneiro Ameneiros

SECRETARIO:

José Manuel Fernández Castro

**FORMACIÓN ACADÉMICA:**

- Entre 2011 e 2013 cursei o bacharelato Internacional no Colexio do Mundo Unido do Adriático, en Italia.
- Bolsa para cursar estudos universitarios na universidade de Brown, nos Estados Unidos.

1º PREMIO

Brais Lamela Gómez

Vilalba (Lugo)

Vivín entre Vilalba e a Ponte de Outeiro desde pequeno. Empecei a escribir moi novo e levo acadado diversos premios literarios, entre os que se poden mencionar o Premio Ánxel Casal, o Premio Literario Minerva ou o Premio Xuventude Crea nos anos 2015 e 2017, acadando o 1º premio en ambos os dous.

No ano 2011 participei na Ruta Quetzal grazas a un traballo histórico sobre as expedicións españolas no Amazonas.

Angelus Novus

“Esa tormenta é ao que chamamos progreso”

Walter Benjamin

I

Da casa dos señores Koninsberg (para nós, Conisbér) saía, ata ben tarde, un vapor mesto de tabaco e verdura cocida en nubes brancas, alongadas e difusas que me facían pensar nas sabas coas que o doutor Moure cubría o corpo dos mortos. Daquela custábame durmir e pasaba moitas noites anicado fronte á ventá, agochándome cada vez que escoitaba o renxido metálico da cancela e saían, enfundados nos uniformes verdes das minas, homes altos e delgados e louros falando naquela lingua que tanto se abría en vogais impresionantes coma estomballaba nun repenicar de consoantes imposibles. De cando en cando tamén aparecía algún dos da vila, dos que eran da vila de sempre: o doutor Moure coas súas lentes brillantes, ou o Vicente do Prado que daquela aínda era un ninguén. Fumaban tabaco en pipa e bebían xerras de cervexa que alapareaban baixo as luces eléctricas, e eu fitaba para eles agochado na escuridade da nosa casa vella, tentando evitar as lentes douradas do doutor Moure das que se dicía que podían ver a través de todo, dende as enfermidades finxidas dos nenos ata os malos hábitos dos pais.

Penso que o señor Koninsberg foi o primeiro que deu en mercar aquela rocha negra, o volframio. Sen dúbida, foi o primeiro que deu en mercarlle aos nenos. Aínda lembro cando o Antoniño chegou á escola cun billete de cinco pesos enurrado na man, coa cara chea de mocos pero cos ollos brillantes coma luceiros, fascinado coma un deses vagabundos que nas estampas da igrexa presencian unha aparición da Virxe María. Todos os rapaces se meteron a iso: ata vinte pesos se podían conseguir por un daqueles anacos de pedra que, como souben moito despois, non servían para construír edificios maxestosos en cidades europeas senón para masacrar milleiros de homes en campos de batalla distantes que aínda agora, segundo din os libros, conservan un vago cheiro a podremia, metralla e carne queimada. Claro que nós non podíamos imaxinar aquilo cando viamos ao señor Koninsberg, un home agarimoso que falaba cun acento raro e cabeceaba á carón do lume, medio afundido nun sofá brandísimo que chegara directamente dende a mesma Alemaña.

Aínda que o señor Koninsberg nunca viña á taberna dos meus pais, eu ía a velo a miúdo. Gustábame estirar as pernas nun daqueles sofás enormes, tan distintos das cadeiras vellas da nosa casa, onde un se sorprendía da distancia que podía acadar o corpo humano estendido sobre unha superficie libre. Ao papá non lle gustaba o señor Koninsberg pero a mamá mandáballe agasallos de cando en cando: unha botella de viño, un feixe de nabos ou unha peza de porco envolta en papel branco. Os seus ollos brillaban con ilusión de cativo cando desenvolvía aqueles envoltorios graxentos e se atopaba cunhas mans, unhas fazulas ou unhas orellas tinguidas de sangue, aínda frescas da matanza. De cando en cando, o señor Koninsberg organizaba comidas nas que corrían o viño do Rhin e o porco galego, e chegaban ata a nosa casa os risos da súa filla Wanda (para nós, Ubalda), á que todos os rapaces amábamos.

II

—Fillo teu en casa estar? —dixo o señor Koninsberg, impoñendo a súa sintaxe sobre o noso idioma coma quen forza o seu pé sobre un zapato novo.

Lembro a sensación estraña que me produciu ver ao señor Koninsberg na nosa casa, algo así coma se un maxestoso cachalote se extraviara nunha praia diminuta. A imaxe do señor Koninsberg na cociña, coa cabeza anicada para non bater co teito, cambiou para sempre a miña maneira de mirar para o mundo dos meus pais. De súpeto todo semellaba distinto:

o banco duro detrás da mesa da cociña, as paredes afumadas pola lareira, o garfo onde maduraba unha restra pobre de chourizos. Era como se todo se revelase demasiado vello, demasiado incómodo, demasiado pequeno para aquela figura enorme chegada dende o misterioso mundo ao que chamábamos Alemaña.

—Dixéronme que o rapaz ser bo en a escola —dixo el, dirixíndose á miña nai coa torpeza de quen busca facer pé no océano dun idioma estranxeiro.

—O rapaz? —miña nai mirou para min con tenrura, tamén con orgullo—. Ai, eche ben listo! O mestre sempre di que nunca tivo rapaz máis intelixente. Mírelle que xa aprendeu a sumar con decimais e todo.

Eu estaba inquedo, temeroso de decepcionar ao señor Koninsberg. Tiña medo de que me puxese unha suma con decimais, porque a pesares do que dixera a mamá eu aínda fallaba ás veces, especialmente cando había ceros polo medio. Sen embargo, o señor Koninsberg non me puxo proba ningunha.

—Mira, neno. Voute chamar neno, si? O teu nome é difícil de lembrar para min, moi raro en alemán. Así que serás neno. escoita, ti querer traballar con min? Axudarme con papeis, con contas. Eu vello son e moito traballo ter.

Mentres falaba non podía evitar mirarlle para a lingua, que semellaba inqueda no noso idioma, batendo contra as paredes da boca coma unha serpe mareada ao sol.

—Que dis a min, neno? Que dis, traballar con min, si?

III

Cada día aparecían dez ou doce nenos para facer negocio. O señor Koninsberg pesaba os anacos de volframio na balanza do seu despacho e ditábame os números que marcaba a agulla para que os anotase no seu caderno. Por facer isto pagábanme cinco pesos á semana, que era moito naquela época pero moito menos do que podía gañar algún daqueles rapaces, que xa abandonara a escola para facer fortuna colectando aquelas pedras negras.

—Ti non deber facer iso, eh? Ti seguir en escola. Escola máis importante que cartos ser.

O señor Koninsberg era moi serio cos estudos. Díciame que en Alemaña os nenos intelixentes coma min ían todos á universidade para converterse en enxeñeiros e cousas así. Cando me atopaba fitando para o seu caderno, fascinado polas cifras fantásticas que alí anotaba, o señor Koninsberg apertábame as mans con forza e facíame prometerlle que eu non deixaría a escola para facer cartos coma os outros. En realidade, a min gustábame traballar na casa dos Koninsberg, porque así non tiña que axudar aos meus pais na taberna e ademais podía ver a Wanda cando se levantaba, vestida no seu pixama rosa de coellos e planetas (pixama: a propia palabra era para min a máxima expresión do luxo, da superioridade vital dos Koninsberg, a posibilidade de posuír unha prenda unicamente para durmir con ela).

Ás veces, cando non había moito traballo, o señor Koninsberg marchaba e eu quedaba a soas coa súa filla. Ela aínda non falaba a nosa lingua e eu non sabía nin papa de alemán, pero aínda así amañabámonos para comunicarnos, componendo historias cuns bloques de madeira que tanto podían funcionar de soldados coma de cuarteis coma de tropas que se precipitaban unhas sobre as outras en manobras vertixinosas. A Wanda gustáballe apiñar moitos bloques xuntos, un riba do outro, ata ter unha torre que lle daba polo ombreiro. Despois deixábaa caer, ensimesmada pola facilidade coa que podían derrubarse estruturas que antes semellaban perfectamente sólidas.

A medida que pasou o tempo, Wanda aburriuse daqueles bloques de madeira e deu en querer que saísemos xogar fóra. Prendíase da miña manga nun xesto que se me antollaba inmensamente tenro, e levábame ao xardín a torturar insectos. Con moito coidado, apresabamos saltóns entre a herba e recortabámoslles as patas traseiras para que non puidesen chimpár. Entón quedábamos fitando para eles: era divertido velos arrastrarse, coa barriga contra o chan, realizando un

inmenso esforzo para carretar o peso do seu abdome sobre as dúas patiñas restantes, tan diminutas e febles. Cando xa nos aburríamos de velos turrar sen propósito, pechabámoslos en frascos transparentes e agardábase a que morresen por falta de aire. Outras veces tamén tentamos queimar formigas coa lente coa que o señor Koninsberg examinaba os anacos de volframio, pero algo debíamos facer mal porque aquilo non funcionaba tan ben coma nos libros.

IV

Agora ponse todo máis difícil: como segue a historia? Seguía eu xogando con Wanda mentres os alemáns chegaban, en camións enormes que levantaban as pedras dos camiños? Ou estaba agochado na casa dos papás, tentando non mirar para aqueles homes novos, de ollos tristísimos, que subían ás minas baixo a mirada atenta dos gardas? Semella que as imaxes deses días existisen fóra do tempo, suspendidas no baleiro coma eses cágados que aparecen espontaneamente nas pozas dos camiños e navegan un por aquí e outro por ala, de tal maneira que resulta imposible dicir este antes, este despois, e así. Pero é mentira: a historia non é coma unha poza repleta de cágados senón máis ben coma un saltón co abdome aberto, un daqueles saltóns que Wanda e eu pechabamos dentro de vasos de cristal, avanzando cara adiante, arrastrándose coas patas colgando e as vísceras por fóra, pero avanzando, aínda contra un cristal que soamente lle devolve o seu propio reflexo.

V

Semellaba que a chegada de alemáns novos acelerara o tempo na vila. Antes todo tomaba décadas, coma se cada decisión tivese que madurar ao xeito dun froito lento e trabaloso. Sen embargo, dende que aqueles estranxeiros comezaron a chegar ao pobo as cousas deron en suceder rápido, sen necesidade de avisar. A xente deu en derribar as cortes das vacas para armar cuartos para os alemáns e pequenas tabernas en competencia co negocio dos meus pais, tabernas novas onde circulaban o tabaco de contrabando e o viño das Rías Baixas e outras cousas das que era mellor non saber nada. Os veciños deron en vender terras e os alemáns deron en mercar terras e todos os días saían camións enormes, cargados de rocha negra, camións que se abrían paso cara ás entrañas da terra e baleiraban todo, deixando o noso chan, pensaba eu, a piques de abrirse sobre un oco inmenso e baleiro coma debe ser o espazo que mantén separadas as estrelas pola noite. Penso que foi así, ou polo menos iso din agora os que lembran aquilo ben: algún vello, os libros. O que é lembrar, eu lembro pouco: un repicar de martelos nas cortes, a presenza dalgún alemán despistado na taberna dos meus pais, perdido na selección aparentemente aleatoria de mercancías, quizais apuntando co dedo índice para pedir un paquete de galletas María, marca Oliveira. Lembro tamén que algúns daqueles alemáns chegaron con fillos pequenos, da idade de Wanda, desexosos de falar sobre cousas coma festas de pixamas, chocolate, libros con ilustracións; cousas que para min soamente sucedían nun reino moi ao lonxe, un deses lugares imposibles de alcanzar que os cartógrafos medievais marcaban con monstros ás marxes dos mapas antigos. Pero o señor Koninsberg nunca me abandonou. Nunca, nunca. Quero deixar isto claro con esta historia: o señor Koninsberg non me abandonou nunca. Un día, despois de cubrir moitas páxinas de caderno, quedei durmido nun dos sofás da súa casa. Ao despertar, o señor Koninsberg estaba mirando para min, tendéndome a súa palma aberta:

—Toma neno, para ti. Eu xa non querer máis.

O señor Koninsberg sostiña un vulto pequeno entre as curvas rosas da súa man:

—Un agasallo para ti, neno. Chocolate, si? De Alemaña.

Quedei fitando para a súa man, sen dar creto ao que vían os meus ollos. Era a primeira vez que vía aquel alimento marabilloso, o chocolate. Era imposible crer que algo así podía pasar fóra dos libros: a onza diminuta sostida entre os dedos coma unha bolboreta delicadísima, envolta nun papel prateado e brillante que non me tería semellado máis fabuloso se me dixeran que chegara dende o planeta Marte.

VI

—Ti entendes, verdade? Non todo o mundo é bo coma nós.

O señor Koninsberg fumaba dunha pipa de cachimba na súa butaca de vimbio. Sorprendinme do moito que mellorara no dominio do noso idioma.

—Roubo –o señor Koninsberg fixo unha pausa, coma para deixar que a forza da palabra inundara a sala- Roubo, neno. O pecado máis grande: todo crime é, basicamente, un roubo da propiedade de outro.

Eu miraba cara as súas botas, negrísimas. Nunca me decatara do negras que eran aquelas botas: era tan fácil quedar fitando para os seus ollos fermosos, a súa barba de home sabio, que nunca me fixara naquelas botas grandes, pesadas, da cor do volframio puro.

—Alguén está a roubar das minas, neno. Mesturan o volframio con outras cousas, con ferro, para enganar á xente –o señor Koninsberg fixo unha pausa, pero eu seguía sen querer miralo–. escoita, neno, eu sei que teu pai é bo, si? Moi bo. Coñezo ao teu pai. Pero á súa taberna vai outra xente. Xente que non é boa. De que falan, neno? Ben sei que o escoitas todo dende o teu cuarto, non me mintas. De que se fala na taberna de teu pai? Silencio.

—Quen vai á taberna do teu pai? Veña, neno, falar é sinxelo. Eu sei que hai xente que vai moito. Por exemplo o Xinés, eu vexo ao Xinés moito por alí. E iso está ben, iso está ben. Pero quen máis vai á taberna do teu pai, quen?

Aínda miraba para as súas botas negras

—Antón –dixen eu– o Antón de Ameixide ven moito.

—Moi ben, moi ben. É quen máis?

—E Manoliño das Fontes. Manoliño tamén ven moitas veces. Fala alto e cústame durmir.

—Moi ben, moi ben. E de que falan? De que se fala na taberna do teu pai? Fálase do volframio? Lembra esta palabra, neno: estraperlo. Bonita palabra, eh? Acórdate dela, coma unha morea de perlas estradas polo chan: estraperlo. escoitaches esa palabra, neno?

E así rematei por falar, por contalo todo diante dos ollos fermosos do señor Koninsberg. Era verdade: resultaba tan fácil contar cousas! Non se sentía coma unha traizón senón coma desprenderse da culpa, algo así coma cando un se quita a roupa vella e suada ao volver do traballo. E sempre estaba a mirada do señor Koninsberg, azul, chea de paixón. Unha mirada que parecía dicir: tranquilo, neno, tranquilo, xa levas moito tempo cargado con esas palabras; deposítaas aquí, déixaas aos meus pés, eu cargarei con todo dende agora.

VII

Dende entón, eu sempre llo contei todo ao señor Koninsberg. Cada vez había menos negocio pero eu cada vez pasaba máis tempo canda el. Xa non quería estar na casa dos meus pais, onde a culpa era coma un moble vello obstaculizándome o paso, impedíndome vivir libremente. Na casa dos señores Koninsberg todo era moito máis sinxelo. Soamente era necesario falar, contarlles cousas. Contar historias: o máis fácil do mundo.

Pero falar... de que? De que podía falar eu? De todo o que chegaba ás miñas orellas pola noite, cando o alcol soltaba as linguas dos homes que visitaban a taberna do meu pai. Historias de homes que facían contrabando de volframio. Historias de homes que desprezaban a autoridade dos alemáns, que se cagaban en Deus. Historias de homes que se agochaban en cortes e pozos e montes, que urdían plans que non se podían levar a cabo, que falaban sobre guerras e rememoraban épocas antigas e pedían a liberdade para as cousas. Historias que era o único co que eu podía comerciar, historias que se repetían e se mesturaban para facer vulto coma outra mercancía calquera, historias que podían venderse coma volframio e que agora alimentaban a barriga grande do señor Koninsberg e da súa familia alemá instalada estraña no medio de Galicia.

VIII

O papá xa non me miraba igual. Non dicía nada, pero non miraba para min do mesmo xeito. A algúns pasáronlles cousas. Sen embargo, o papá seguiu intacto: dous brazos, dúas pernas. O que se di un home intacto.

Ao papá non lle pasou nada, pero xa non me volveu mirar igual.

IX

Un día o señor Koninsberg chamoume para ir á súa casa. Isto era raro, porque normalmente ía eu pola miña conta, o que se di de propia vontade.

—Neno—dixo el, solemnemente— quero que saibas algo: voume. Vou volver a Alemaña.

Foi coma se me quitasen o chan de debaixo dos pés. Alemaña? E iso? Pregunteime se era algo que se sabía, que os Koninsberg retornarían ao seu país. Acaso era algo posíbel? Despois de todo o que pasara, había algunha Alemaña á que regresar? O do volframio xa non valía a pena, dixo. Xa non lle importaba a ninguén. Ao parecer déranlle ganas de facer algo novo, na súa terra, algo coas súas propias mans. Pensara en abrir un pequeno negocio, algo que puidese levar o seu nome, quizais un restaurante. Ao parecer, a súa muller facía unha sopa de anguías moi boa.

—Débenos visitar neno. Cando sexas maior e teñas cartos debes vir a Alemaña. Por un momento deixei caer naquela fantasía. Eu en Alemaña. Imaxinábame durmindo con un pixama, comendo chocolate a diario, visitando ese lugar misterioso ao que chamaban zoo. Imaxinaba unha mesa enorme, toda chea de comida: amorodos ben maduros, bandexas das que sobresaírían as patas dos moluscos, panos de mesa con dobreces delicadas que deixarían ver, entre os seus pregues, a forma ovalada dun pan fresco.

Pero eu xa sabía, xa entón, que non ía ser así: agora retornaría o traballo, o banco duro, o silencio do papá. Sentín coma se o chan crebase, xa baleiro de todo mineral, abríndose nunha fenda que nos ía tragar a todos: ao papá, aos homes da taberna, a min mesmo.

—Neno, neno. Non debes estar triste. Pensa no que vos trouxemos, nas túas posibilidades, no futuro. Lembra esta palabra: Fortschritt. Entendes, neno? Penso que aquí a tradución, cando menos a tradución máis aproximada -pois os idiomas, por moito que digan algúns, non constitúen equivalencias perfectas senón que máis ben son coma barcos que, durante a noite, quedasen amarrados ao peirao, batendo un contra o outro, segundo o vento- sería “progreso.”

Máis bonito en alemán, non? Fortschritt.

Apertoume a man con firmeza antes de saír da miña vida para sempre. Despois de todo aquel tempo, o señor Koninsberg aínda non aprendera o meu nome.

**2º PREMIO**

Hugo Lozano Hermida

Vilalba

Estudei a Licenciatura en Historia e o Mestrado de Arqueoloxía e Estudos da Antigüidade na USC, onde na actualidade curso o meu doutoramento e traballo como investigador contratado.

O visitante nunca marcha só

Auri preguntábase por que atopaba sempre as flores máis fermosas nos lugares máis tristes. Os últimos meses vira moitas flores fermosas: hai unha semana no hospital, o día anterior no tanatorio e ese día no cemiterio. Quizais se colocan en lugares tristes porque se comportan coma se non soubesen, ou non quixesen saber, que xa non están unidas ás plantas que as mantiñan vivas, coma se fosen indiferentes á súa propia morte. A Auri a actitude das flores parecíalle hipócrita. Consideraba a súa fermosura unha absurda negación da realidade, unha fantasía que se disipa aos poucos días, cando os pétalos se escapan da corola coma se fosen os espectadores dunha función teatral que xa rematou e o talo se dobra como un vello Labrador vencido polos anos de duro traballo. As flores parecíanlle unha decoración macabra, pequenos cadáveres de plantas que non deixan de estar mortas por dentro por ben que recendan ou bonitas que semellen por fora. Auri coñecía a persoas así.

Tamén coñecía a outras que adoptaban unha actitude oposta á das flores. Se elas queren parecer vivas cando xa están mortas, algunhas persoas queren parecer mortas cando aínda están vivas. Idiotas que desperdician o seu tempo sentados nun sofá, deitados na cama ou de pé na barra dun bar. Persoas que camiñan en círculos pra fuxir do colesterol, corren amodo pra non escachar o móbil e conducen rápido por monótonas autovías. Ávidos bebedores de café de máquina, esforzados lectores de xornal deportivo e compulsivos fumadores de tabaco negro. Traballadores incansables que deixarán atrás a súa fortuna, deportistas invictos que non gañarán a única carreira importante e eruditos estudosos que esquecerán canto saben en canto pechen os ollos. Cazadores de femias, recolectores de merda de can, agricultores de marihuana, ferreiros de piercings, escritores de fanfiction, foron, e sempre serán, os mesmos.

Auri sabía que a diferenza entre a especie humana e o resto dos animais non era a intelixencia. Os animais aprenden trucos, utilizan ferramentas, son intelixentes. O que facía distinto ao primeiro ser humano dos outros primates era que podía anticiparse ao paso do tempo, que podía tallar hoxe a pedra que necesitaría mañá. O home é consciente de que vai morrer desde o principio e aínda así resístese a crelo, compórtase coma se a vida fose eterna e dese igual en que inviste, ou mellor dito, gasta, o seu tempo. Se é sabido, desde fai miles de anos, que a única certeza constante na vida é a propia morte, Auri non entendía por que doe tanto cando finalmente o anunciado visitante irrompe nas nosas vidas e, ao marchar, leva consigo a alguén que apreciamos. Se cadra é que damos por sentado, non só a nosa inmortalidade, senón tamén a daqueles aos que queremos, coma se o noso amor puidese servirles de refuxio cando o visitante os busca e chama por eles. Se cadra é por iso que enfadarse é tan doado e perdoar tan complicado, porque pensamos que sempre estaremos a tempo de facelo. O orgullo é unha lousa que nos impide ver e actuar, e normalmente cando escacha é demasiado tarde pra ver o que non vimos e facer o que non fixemos.

Auri pensaba en todos eses berros, en todos eses alporizamentos, e non era capaz de recordar os motivos; tan só o rostro da súa avoa sucado polas bágoas. Agora cría que quizais a súa avoa era capaz de ver, a través do orgullo de filla e neta, o absurdo da súa disputa. Quizais a avoa tiña, por esa proximidade da propia morte, unha visión especial, máis alá da dos primeiros homes. A avoa era consciente da brevidade da existencia e do importante que era perseguir cada día un sorriso, polo que fora. Sempre ten un que atopar a alegría de vivir, ver as cousas do mellor xeito posible. O que máis veces lle dicía a Auri era que había que buscala paz e ás veces perder, aínda con razón.

Auri preguntábase quen perdería agora, agora que ela xa non estaba, agora que dela xa non quedaba máis que un nome escrito sobre un anaco de mármore gris. Era o seu, Aurelia. Aínda que compartían o mesmo nome, Auri e a súa avoa eran moi distintas. Compartían é a palabra máis axeitada, xa que sendo as dúas Aurelias, Auri era Auri e a súa avoa era Elia. Auri non reparara ata ese momento en que quizais fora por iso que sempre andaban xuntas, porque tiñan a ne-

cesidade de recuperar o pedaciño de nome que lles faltaba e que gardaba a outra. A partires dese momento, dese preciso instante no que só se escoita o son da paleta ao deslizarse sobre o cemento, ese son roto tan só polas breves notas agudas do roce do metal contra o granito, Auri xa non é Auri, agora é Aurelia, agora ten o nome só pra ela. Aínda así, está triste, o nome enteiro fáiselle grande, non lle amaña. Síntese incómoda con el, como lle pasaba de pequena cos zapatos pras medras, sóbralle nome, non é muller pra enchelo.

Auri pensaba que ela e a súa avoa eran moi distintas, pero, agora que marchara, as súas vidas non semellaban tan diferentes. Quizais a diferenza vive na mirada do que vulga e asoma, ou non, segundo en que elixa el fixarse. Dúas pingas de auga poden verse idénticas ou completamente diferentes. Auri antes pensaba que ela era moito máis avegosa que a súa avoa. Na súa época as mulleres non podían facer moitas cousas ademais de casar e ter fillos. Agora pensaba que a súa avoa podería ter feito calquera cousa que se lle metese na cabeza, tendo como tiña, aquela vontade férrea e unha capacidade de sacrificio sen límite; mais ela era feliz cociñando pra fillos e netos. Logo non era ese un éxito tan bo coma calquera outro?

Na arrogancia estúpida da xuventude máis reivindicativa, Auri sentira pena pola súa avoa, condenada por unha educación deficitaria e fascista a pasar a vida cociñando, fregando e pasando o ferro. Agora Auri vía na súa avoa a unha muller que conseguira moito con moi pouco, a unha auténtica amazona, que se cadra non sabía poñer a arroba ao final de cada substantivo, pero que demostraba co seu exemplo e determinación que había poucas cousas que unha muller non puidese facer con esforzo e paciencia. A condescendencia trocara en admiración, algo que adoita ocorrer cando a suficiencia muda en madurez.

Auri e maila súa avoa non eran tan distintas. As dúas emigraran sendo moi novas, Auri fuxindo das consecuencias dunha crise que roubara o emprego de moitos mozos e deixara un futuro de incerteza e precariedade; a súa avoa, fuxindo das consecuencias dunha guerra que levara aos mozos de moitas casas e deixara un futuro de fame e miseria. Non era comparable. Auri marchou sabendo que vería a súa familia ao chegar con só tocar nun cristal, Elia foise e a única noticia que tivo da súa casa foi a carta que lle comunicaba a morte da nai. Auri chegou en avión a unha cidade na que podía falar e facer amigos, Elia chegou en tren a unha cidade na que por non entender, non entendía nin o nome das rúas. Auri atopou traballo no dela, a Elia deixáronlle o traballo que ninguén quería. Elia volveu en canto puido, Auri volverá cando queira. Non foi a mesma viaxe.

Des que chegara, Auri apenas falara con ninguén. Do aeroporto foi directamente ao hospital no que se atopaba a súa avoa. Alí estaban xa a súa nai e a súa tía. Na cabeza de Auri, a última semana fora unha sucesión informe de abrazos, bágoas, comidas improvisadas na cafetería do hospital e duchas rápidas na casa da nai. Os días e as noites pasaban sen que a luz branca, dura e fría da habitación cambiase. Discutira coas enfermeiras sobre a súa maneira de proceder robótica e o seu trato descoidado, escoitara dos médicos as mil explicacións sobre como se ía apagando a súa avoa, paseniño, sen inquietudes nin alborotos, do mesmo xeito en que vivira. Vira, en primeira persoa, os detalles macabros da morte cando se mira moi de preto, asistira muda a súa visita, sen poder interceder pola persoa máis importante na súa vida ata o de agora, sen poder chorar nin enfadarse. O visitante non entende de bágoas nin de argumentos, chega só e marcha acompañado nun suspiro, nun suspiro que sabe a cloro, nun suspiro dese aire enrarecido e limpo, esa mestura que é á vez tan, e tan pouco, hospitalaria.

Desde ese instante nada tiña sentido para Auri. Case sen saber o que facía, conducida por mans amigas dun lugar a outro, fora do hospital á casa, da casa ao tanatorio, do tanatorio á igrexa e da igrexa ao cemiterio. Moitos rostros coñecidos que repetían as mesmas palabras como unha ladaíña. Bocas que aseguraban compartir os seus sentimentos e ollos que traizoaban a mistificación tras desas palabras, tan desgastadas por ser ditas tantas veces que perderan todo rastro do seu significado. Persoas que non coñecían á súa avoa e que estaban alí para satisfacer ou contraer débedas sociais, pequenos círculos que conversaban animadamente, voces demasiado altas e risas fóra de lugar. Se non estivese tan cansa

e tan triste, Auri estaría furiosa. Había demasiadas persoas alí, demasiadas flores, demasiadas risas. Nos momentos máis tristes, algúns entenden as flores e as risas como unha epicúrea invitación a continuar coa vida, para Auri eran unha imperdoable falta de respecto.

Aquelas persoas non ofendían á súa avoa, a súa avoa xa non estaba alí, xa non existía. Aquelas persoas faltaban ao respecto á dor da súa familia, á súa tristeza e á morte, que presidía omnipotente a reunión. O único que compracía a Auri era a certeza de que, antes ou despois, placidamente ou entre horribles padecementos, todas esas persoas ían render contas ao visitante por aquela afronta. Coma no teatro, na vida as máscaras cambian e os mesmos que hoxe rin, mañá sufrirán. Naquel día soleado, diante da tumba da súa avoa, Auri fíxose a si mesma a promesa de mostrar sempre respecto pola dor dos demais, ese respecto que ela non recibira; porque cando sofren, todas as persoas aprenden, só que algúns descubren o que se sente e deciden non causar ese sentimento a ninguén, mentres que outros entenden que o seu sufrimento xustifica os males que causan aos demais.

Auri pensou que a súa avoa estaría orgullosa se puidese oír a súa promesa, encantaríalle pensar que era así, pero a súa mente racional impedíalle esconderse da inclemente realidade no refuxio confortable da fe. Para ela non existía ningún veo que esvaece a dureza do feito de que a súa avoa xa non estaba en ningures. Auri cría que a psique, a mente, a personalidade, o que ás veces se chama alma ou espírito, é unha consecuencia da actividade neuronal, do mesmo xeito que o que se ve na pantalla dun ordenador é, no fondo, o resultado da interacción entre o procesador e a memoria, nunha longa cadea de uns e ceros. Coa morte, a actividade cerebral interrómpese definitivamente, o sistema apágase e os datos pérdense, porque as persoas están mal deseñadas e non teñen un botón que permita gardalas e volver cargalas.

Ao pensar en persoas que se gardan e se cargan, Auri case sorriu. O sentimento de culpabilidade que a sobreveu golpeouna tan forte e tan de súpeto que as bágoas acudiron aos seus ollos e, por primeira vez des que se fora a súa avoa, rompeu a chorar. Case sempre chegan antes as bágoas da ira e da culpa que as da tristeza, pero cando as que chegan primeiro fenden o muro, todas as demais escapan e a presa rompe. Auri non deixou de chorar en todo o camiño ata casa da súa nai e non quedou durmida ata que esgotou as bágoas.

Ao día seguinte ergueuse tarde, tiña moito sono atrasado e non a quixeron espertar moi cedo. Había que ir ao hospital a resolver problemas burocráticos e a súa nai non quería ir soa. Auri acompañouna en silencio, un silencio cheo de palabras, unha conversación vacua, esa que se establece entre dúas persoas que perderon a confianza e non queren falar do que realmente lles preocupa. A ese silencio cheo de palabras seguiu outro silencio cheo de significados, o que se establece entre dúas persoas que se coñecen demasiado ben e xa non necesitan falar.

Mentres a nai de Auri asinaba papeis e, coma se tratácese dun elaborado e cruel método de tortura, escribía unha e outra vez o nome da súa defunta nai; Auri paseaba sen rumbo polo hospital. Os seus pasos conducírona á área de maternidade, onde unha chea de pequenas cariñas miraban pra ela coma se soubesen que estaba alí. Sen darse conta, se cadra porque xa estaba nesa idade en que as hormonas cambian e a todas as mulleres empezan a gustarlles os bebés, Auri achegouse ao cristal que separaba a habitación dos meniños do corredor. Cando viu a súa propia figura reflectida, un sorriso asomaba no seu rostro. A Auri pareceulle que, detrás dela, tamén sorría o reflexo do visitante e case lle pareceu sentir o seu brazo rodeando os seus ombros, confortándoa. Auri pensou na posibilidade remota de que algunha daquelas nenas se chamase Aurelia e sorriu máis aínda. Esa era a letra abstrusa dunha lei primixenia e universal que goberna sobre todas as demais, uns deben marchar pra que outros ocupen o seu lugar. Cada un daqueles nenos era unha nova oportunidade para que a vida gañase a eterna e cíclica partida coa morte.

O silencio da área de maternidade viuse roto polas risas sinceras dunha parella que abandonaba o hospital co seu bebé. Cando asomaron polo corredor, a nai e o neno ían rodeados dunha comitiva de familiares cargados de flores. Mentres pasaban ao seu lado, Auri pensou que aquelas flores eran as máis fermosas de todas cantas vira.

**3º PREMIO**

Cándido Paniagua Pousa

Xinzo de Limia (Ourense)

FORMACIÓN ACADÉMICA:

- 2014 – 2015 Universidade de Vigo.
Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria e Bacharelato.
Especialidade: Linguas e Literaturas
Oficiais: castelán e galego.
- 2010 – 2014 Universidade de Vigo.
Graduado en estudos de español e galego.
- Mención: Premio Extraordinario Fin de Carreira
- Mención: Premio Fin de Carreira da Comunidade Autónoma de Galicia 2014

EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- 2015 – actualidade: Colexio Miralba. Vigo.
Profesor de lingua e literatura galega.
- 2013 – 2014 Universidade de Vigo.
Bolseiro en colaboración co Departamento de Filoloxía Galega (Ampliación do corpus do dicionario internacional Wordnet-Galnet).

Nacín en Xinzo de Limia, terra chairega e de grandes lendas. Amante das letras desde pequeno, decidín estudar unha carreira humanística, rematando con premio extraordinario fin de carreira no grao de estudos de galego e castelán. Na actualidade vivo en Vigo e exerzo como profesor de ensino secundario, transmitíndolle ás novas xeracións a importancia da palabra para crear historias.

Voraz lector, especialmente da novela negra, comezo a escribir na adolescencia ata converterse nunha actividade diaria na miña vida. Escribo novelas e relatos curtos que devecen por saír á luz. Gañar o 3º premio do Xuventude Crea 2017 polo relato «Fado: 0103» supuxo un importante impulso na miña carreira literaria. A comezos do 2018 sae a que será a miña primeira novela publicada: *O caderno de erros*.

FADO: 0103

I

—Goooool! – cantaron ao unísono boa parte dos alí congregados. Especialmente sonoro e agre foi o brado que a muller do dianteiro garneou, conseguindo calar á multitude, que asustados polo gallamouto centraron a súa atención nela.

A poeira que escondera o gardameta despexouse con moita parsimonia. Os laídos dos que cantaran gol foron envoltos nunha grande algarada de asubíos e aplausos, celebrando a mestría de Matías baixo os paus da portería. Ningún contrincante conseguiu meter o balón e tocar a rede naquel partido que rematou coa vitoria dos solteiros, por goleada, contra os casados. Un clásico que se repetía ano tras ano polo San Martiño.

As tardes dos domingos Matías pasábaas na casa do párroco, Don Telmo, con quen mantiña unha estreita relación, para escoitar na súa moderna radio a válvulas os partidos do Real Madrid. El, tombado nunha usada, mais mol e confortable, poltrona, imaxinaba enfrontarse ao seu ídolo: Alfredo Di Stéfano. Esperto, soñaba que o prodixioso dianteiro corría campo a través esquivando os rivais con suma habilidade, para chantarse diante del e xutar con forza o balón. Matías, coma un sentinela, permanecía alerta. Sen pestanexar, escudriñaba a dirección do esférico para lanzarse por el e atrapalo nos seus guantes de coiro. Os seareiros celebraban a parada e aclamaban o seu nome.

—Padre – a Don Telmo iluminábase os ollos cada vez que o rapaz pronunciaba aquela palabra -, vostede cre que pode chegar a triunfar no fútbol? – preguntoulle con inocencia Matías.

—Por que non? A ti gustaríache? – respondeu á galega o sacerdote.

—Claro! É o meu soño. Xogar nos mellores estadios do país, levantar trofeos, escoitar o meu nome pola radio ou saír nos xornais é canto desexo. Mais aquí, en Néboa, nunca poderei lograr ese afán.

II

Des que volvía de traballar collía o balón e xunto co seu curmán Pedro ían adestrar ao campo de terra que construíran os aldeáns na horta parroquial. Non existía o frío para el, o importante era mellorar os reflexos e conseguir pasar a proba que o bo de Don Telmo lle conseguira. Nin máis nin menos que unha proba no equipo da capital da provincia, o C.D. Ourense, que estaba disputando unha boa temporada para conseguir o ascenso á Primeira División estatal. Non se daba un respiro, non podía, era a oportunidade da súa vida.

A nova pronto se estendeu pola aldea como as brétemas que adobiaban aquel xélido decembro. E Matías converteuse nunha celebridade en Néboa, o mellor exemplo de que se podía triunfar con esforzo, aínda que as rexoubas o intentasen enlamar co seu avolto pasado. Para os mozos era o ídolo a seguir, e para as rapazas convertérase nun adonis. Pero non todos entendían aquela oportunidade, o seu egoísmo non llo permitía.

—Para que lle conseguiches esa proba? Non me gusta a idea de que Matías marche de aquí e me deixe soa – saloucou.

—Non estás soa, tes a túa filla e o teu marido – contestoulle esquivando a pregunta.

—Se realmente o quixeras non o apartarías de nós –reprochoulle.

—Quéroo tanto que só quero que sexa feliz.

—Ti non queres a ninguén, só hai que ver o camiño que elixiches deixándome abandonada. Tiven que refacer a miña vida con remendos para agochar as mentiras que me obrigaches a contar por mor das túas falsas promesas – púxose en pé e co dedo índice en alto ameazouno -. Se liscas do meu lado, mátoe. Xúrocho – e coa mesma marchou.

Don Telmo axeonllouse no banco, e pregoulle a Deus que Matías atopase a felicidade. Esa era a súa única petición. A contraprestación non lle importaba, a penitencia que padecía dende había vinte anos era xa suficientemente ardua de por si, que non lle importaba aguantar un tormento máis, nin tan sequera a ausencia de Matías.

III

A calzada estaba esvaradía, as rodas non se afirmaban ben no pavimento por mor do xeo que non se derretía. Matías ía mareado de tanta curva como percorría o vello coche de liña que conectaba as aldeas da provincia coa capital. O seu curmán abaneaba un anaco de papel para insuflarlle aire. Ao baixar do vehículo as pernas tremíanlle e case non se puña en pé. Estaba branco, palidecera durante o convulso traxecto.

Era a segunda vez que estaba en Ourense, a primeira fora cando Don Telmo o levara a ver un partido ao campo do Couto. Colleron un taxi e achegáronse ata as instalacións deportivas onde un delegado do club os estaba a agardar. Matías, coa boca pastosa, pediu un vaso de auga. Pedro, previsor, sacou da mochila unha cantimplora de coiro e deulla para que botase un grollo. O líquido escorregoulle pola gorxa, facendo alumear os seus ollos claros que se volveron vermellóns.

—É augardente! – bisboulle anoxado–. Estás tolo ou que che pasa!

O curmán sorriulle con complicidade, mentres unha secretaria traía un vaso de auga que Matías bebeu con degoxo para sufocar a lumarada que lle saía pola boca.

Matías situouse baixo os paus, puxo os guantes e encrequenouse para deter os balóns que os dianteiros profesionais lle ían lanzar. Había unha comitiva, liderada polo delegado que antes os recibira e mais o adestrador, expectante pola proba do rapaz. Pedro atecía co frío e botou por riba o abrigo do seu curmán. Fitouno vestido de curto, sen tremer, seguro de si mesmo. A súa beberaxe tiña moito que ver, infundíralle ánimos.

Dos case cincuenta lanzamentos detivo dous terzos, exaltando as súas virtudes. Os xogadores felicítarono, mais os directivos permanecían á marxe discutindo sobre a súa actuación. Nada lle dixeron. Despois da proba, leváronos de novo ás oficinas onde os agardaban o adestrador e dous homes máis. Matías sentou na cadeira e o seu corpo volveuse manteiga. Petaron na porta e Don Telmo apareceu para comezar a reunión.

IV

Anos e anos devecendo por acadar un soño, días e días sacrificándose a diario, horas e horas esforzándose para se superar, para, chegado o momento, estar listo para dar o gran talle. A proba saíralle ben, estaba certo diso, non entendía por que había que repetila para despejar certas dúbidas.

—Se realmente te queres dedicar a isto, despois do Nadal, debes incorporarte ao equipo para traballar en grupo. Só así saberemos se es quen de adaptarte á nosa dinámica.

Matías escoitaba atentamente, mirando de esguello o seu curmán e a Don Telmo.

—Estarás a proba con nós quince días. Por suposto, os gastos corren por conta nosa.

O rapaz tiña sentimentos encontrados. Non lle deran un non definitivo, mais tampouco lle salientaran as boas aptitudes que el sabía que tiña. Dalgún xeito, tiña a sensación de que lle ían dar unha resposta negativa, pero, grazas ás influencias do párroco, outorgáranlle outra oportunidade. Apesarado, volveu a Néboa, onde a súa nai o recibiría leda.

V

—Estás moi amoucado, Matías – díxolle Don Telmo cando viu a Matías na eira.

—Don Telmo, séxame sincero, vostede pediulles aos dirixentes do club que me repetisen a proba? – preguntou coa mirada gacha, preparándose para escoitar a resposta.

—É iso o que che preocupa? Direiche que quedaron moi contentos coa túa exhibición, mais debes comprender que teñen que estar seguros. Non xogas en ningún equipo profesional e xa tes vinte – quixo aclarar -. É o proceder habitual.

Matías non quedou satisfeito de todo, mais o argumento valeulle para coller azos e adestrar máis duro. Tamén tivo moito que ver o agasallo que o cura sacou por baixo da sotana negra, sobre a cal brillaban as lenes folerpas que caían. Matías enmudeceu e as cuncas dos ollos enchéronselle de bágoas, escintilando. E deulle unha impetuosa aperta sen reparar nas miradas indiscretas que os vixiaban, nin nas cubilladas que levantarían.

VI

Eloi fora chamando porta por porta a varios veciños para lerlles unha importante mensaxe. Gustáballe exercer de arauto, sentirse relevante. Subido a un banco da eira, dende onde albiscar a multitude, abriu un sobre que proviña do Concello.

—Por orden del señor alcalde, se hace saber que: a partir del día de mañana, dos de enero del presente año, darán principio, ante las comisiones de quintas de la Caja de Reclutas de Verín, la clasificación de los mozos alistados para el reemplazo del presente año – aínda non rematara cando unha forte rebuldaina interrompeu o alcalde pedáneo-. Todos los mozos tendrán la obligación de presentarse a dichas pruebas y cumplir con su deber de servir a la Patria en la misión a la que sea destinado.

As caras de preocupación sumíronse nas familias e sobre todos nos homiños sabedores da súa posible selección. Dezasete en total, confirmara Eloi antes de finalizar.

Durante o xantar, Matías non probou bocado. Estaba na listaxe dos forzados a realizar as probas, tería que adiar o seu compromiso futbolístico. Quizais para sempre.

—Don Telmo...- pronunciou lánguido Matías.

—Xa falei cos do equipo e non se opuxeron. Cando remates as probas para o servizo militar poderás incorporarte ao equipo – tranquilizouno.

—Mais que pasaría se resultado escollido no sorteo?

O cura calou. Non tiña contestación para esa pregunta. Nin tan sequera o pensara. Os seus plans pasaban por conseguir que Matías entrara naquel equipo de fútbol e el solicitar un cambio de parroquia para seguir preto del. E así debía ser.

—Non pensemos niso. Tí tranquilo que verei canto podo facer. Xa estreaches os guantes novos? – cambioulle de tema.

—Non, aínda non. Pola tarde irei adestrar co meu curmán – díxolle sorrindo.

VII

Antes de saír o rompente do día, a expedición de mozos liderada por Eloi iniciou o camiño dirección Verín. Se todo ía ben, á noite poderían estar de volta nas súas casas.

—Eu non entendo por que non vimos en coche de liña – protestou Roi, o fillo de Don Castor, un podente cacique, que vivía do imperio levantado polo avó en América -. Meu pai ten cartos de sobra como para convidarvos a todos...

—Se algo bo ten o servizo militar é que todos sodes iguais – retrucoulle Eloi -. Así que deixa de laiarte e aforra forzas para a volta – e soltou unha sonora gargallada.

Tan pronto como chegaron, Eloi entrou na dependencia da Caixa dos Recrutados. Na porta, e en letras ben grandes, estaban as listaxes dos mozos das comarcas obrigados a asistir á Patria. Todos agardaban expectantes, desexosos de saber o que lles depararía o futuro. Quizais algún tería a sorte de quedar excluído ao non superar as probas médicas.

Un home de voz prodixiosa, pero que non levantaba máis de metro e medio do chan, comezou a chamar de xeito individual os mozos, facéndoos pasar ás diferentes salas, onde os médicos os recoñecerían e lles tomarían as medidas da estatura e o peso, para logo fichalos e outorgarlles o número do seu posible destino.

—Dentro dun mes publicaranse as listaxes dos que son útiles para o país e as daqueloutros que son escoura – vociferou o anano, como o alcumaran.

Matías entrou temeroso. Espiuse e deixou ver a súa perfecta anatomía, como gabara o médico que o examinara.

—Un metro oitenta e cinco centímetros, noventa e sete de peito, oitenta de van, corenta e dous do talle dos pés; setenta e cinco quilos, complexión atlética, louro e ollos claros – foi recitando o doutor para que o seu axudante o anotase no perfil -. Tes unhas boas medidas para dedicarte ao fútbol – sorriulle, mentres o xesto de Matías se volveu máis triste e amargo-. E para ser un bo soldado, son excelentes.

VIII

Só e co seu macuto presentouse nas oficinas de novo para someterse á férrea disciplina dun equipo profesional. Matías tiña claro o seu obxectivo. Non lle importaron os saloucos e berros da súa nai, a vil chantaxe da súa irmá, ou a tristeza do seu curmán. Quería triunfar. E grazas a Don Telmo estaba a piques de logralo.

O recibimento por parte dos compañeiros fora excelente, aínda que os outros gardametas foran máis displicentes. Metérono nun piso, ao que el denominou cárcere, sito nunha das rúas máis concorridas de Ourense: A Paz, ao carón do Teatro Principal, xunto con outros dous compañeiros da súa quinta.

Pechado no seu cuarto faltáballe o aire, as costelas oprimíanlle o peito, os nervios invadírono. Aquela mesma tarde non o aturou máis e botouse á rúa ás carreiras. Os seus dous compañeiros, preocupados, foron tras del.

—Matías estás ben? –preguntoulle Veloso, o dianteiro centro.

El respondeu cun simple movemento afirmativo de cabeza, mentres se recompuña tomando bocaladas de aire de aire fresco. Botaba en falla o aire puro e limpo de Néboa.

—O que precisa é que lle ensinemos a cidade e non telo encarcerado. Non ves que vén da aldea? Non o podes ter preso coma a un can – explicou Batalla, un dos defensas.

Sabían que estaban incumprindo unha norma fundamental imposta polo adestrador. Nada de troulas, nada de alcohol, nada de distraccións o día anterior a un partido. Mais Matías merecía un bo recibimento. E a esmorga fôiselle das mans. Non houbo repouso entre as botellas de viño e o licor café. Cada vez estaban máis contentos e iso notábaselle no seu barulleiro cantar polas rúas ourensás.

No seu deambular nocturno atopáronse con tres bonitas mozas que os convidaron a tomar a última copa no interior dun penumbroso local. Fóra de si, Matías deixouse dirixir cando a morena lle baixou os pantalóns. Non sabía como actuar, pero ela encargouse de ensinarlle. Ao remate, exánime, acubillouse nos peitos gloriosos da muller e durmiu.

IX

- Como lle vai a Matías pola capital? – preguntoulle Lucía axeonllándose no reclinatorio do confesionario.
- Sen pecado concibida –respondeulle con retranca Don Telmo.
- Déixate de lerías que non estou aquí para confesarme. Como está?
- Está ben. O rapaz gústalles e están dispostos a inverter nel e na súa formación –foi taxativo, non estaba disposto a prolongar a conversa.
- Vou ser sincera. Non estou aquí para falar disto. Quero pedirche un favor.
- Agardo que sexa o derradeiro.
- Nunca será o derradeiro, porque sempre estarás en débeda comigo. Non podes permitir que Matías vaia ao servizo militar.
- Non pode ser futbolista, non pode ir ao servizo militar... Dime que é o que pode facer? Quedar baixo o teu saio toda a súa vida?
- Que ingrato es! Ti queres entregalo a unha morte segura! –cuspiulle con carraxe.
- Quero que sexa feliz e só Deus sabe cal é o seu fado. Servir á Patria é un feito moi loable e morrer en nome da Patria é unha boa medalla no seu ascenso á gloria divina.

Don Telmo sentiuse ofano. Sabía que lle gañara a batalla dialéctica á persoa que nunca o perdoara. Elixir o camiño de Deus fora unha difícil decisión, e mais tras saber en que estado deixaba a Lucía. Pero non había volta atrás. El escollera e ela debía aceptalo.

Días máis tarde, falou con Eloi para saber como intentar conseguir que Matías eludise o servizo militar. O alcalde pedáneo foille sincero, era difícil que o esquivase a non ser que tivese cartos cos que pagar a súa liberdade, mais non era o caso. O único que poderían facer era adiar o seu ingreso por causas de traballo, pero iso non o eximiría. Sentiuse culpable, e logo daquela conversa, entrou na igrexa e axeonllouse nas frías pedras. Quitou a sotana e cun flaxelo longo e duro golpeouse nas costas ata sangrar.

X

Co remate das probas comezaba o mes de febreiro. E pronto chegaría o día de coñecer o seu destino. Matías montou no coche de liña e volveu para a súa aldea.

Don Telmo agardaba con degoxo a chegada de Matías. Reloucaba por saber se o aceptaran definitivamente ou non. Estivera ao tanto de como lle ían as cousas, mesmo soubera da súa noite de esmorga, mais entendía que era novo e precisaba coñecer novos mundos que Néboa endexamais lle podería aportar. Cando baixou do autobús emocionouse e sentiu o forte impulso de abrazalo, sentir os latexos do seu corazón, saber que estaba ao seu carón, e quixo que o momento fose eterno.

- Ti moito non comiches, estás máis fraco – espetoulle con voz débil, deturpada pola emoción do momento.
- Non comía coma na casa, iso ben é certo – e riron á vez.

Durante a tarde conversaron sen atender as agullas do reloxo. Matías contoulle todos os seus actos na capital, e confesoulle a decisión que tomaran con el os do equipo de fútbol.

XI

Na eira, Eloi colgou as listaxes de admitidos e excluídos para facer o servizo militar. Todos foran aceptados, a excepción do fillo da tía Carolina que xustificara que era o sustento familiar, dado que a súa nai enviudara e era manca. A rifa tería lugar na Caixa de Recrutados de Verín no vindeiro domingo ao seu anuncio.

Matías comprobou que aparecía na lista con número adxudicado: 0103. Sempre lle agradecería a Don Telmo que tivese tanta paciencia para ensinarlle a ler e a escribir.

—Como che foi pola capital? –preguntoulle Don Castor ao velo.

—Moi ben, señor. Grazas por preguntar.

—Asustado con ir á mili?—el xesticulou a súa preocupación e o cacique espetoulle unha boa coitelada -. Se foses de boa proxenie seguro que aínda te poderías librar.

XII

En sepulcral silencio os mozos, acompañados de familiares e amigos que non querían perderse o momento, agardaban a extracción das bolas. En Néboa, as cousas foran diferentes. Don Castor tivera a ben alugar un coche de liña para chegar os mozos ata a Caixa de Recrutados. Acompañáboas Eloi, que debía rematar os últimos trámites burocráticos. Na aldea, as nais e mozas foran impetrar á igrexa; namentres que os homes rememoraban lembranzas do seu servizo nas tabernas.

Estaban preocupados, moitos xa se concienciaron e só pregaban que lles tocase un bo destino. Matías albergaba a esperanza de non escoitar o seu número. Eloi estaba ao carón do bombo, asegurándose de que todo estaba en orde. Don Castor tamén estaba moi cerca, xunto a un oficial co que falaba e ría con complicidade.

O bombo comezou a xirar e as bolas ían marcando sorrisos e bágoas nas facianas. Os destinos dentro do país eran escasos e só quedaba o peor: saír do continente.


—Número 0103: África Occidental Española, misión Ifni- berrou o anano.

O corazón de Matías parou de bombear e quebrou en mil triscos. Entrou en transo e o camiño de volta fíxoo sen sentir. Sen ver as miradas apagadas dos mozos cos que compartía destino e sen escoitar os gritos de ledicia dos que se librarán do servizo.

—A festa dos quintos corre pola miña conta! –exclamou cheo de xúbilo Don Castor-. Aínda que ao meu fillo Roi non lle tocase – Eloi e mais el fitáronse cun ollar delator -, festexo o voso porvir e o voso triunfo pola Patria.

Houbo alcohol a esgalla, e a troula parecía unha verbena. Matías, tomado, colleu unha botella e deambulou ata a igrexa. Don Telmo interpúxose no seu traxecto arrebatándolle a bebida. Tiña sangue na man, que pronto se mesturou co viño na nocturnidade.

—Papá! –clamou con agarimo Matías-. Fala cos do equipo e dilles que non podo aceptar a oferta. Marcho á mili.





**MEMBROS DO XURADO DO
CERTAME XUVENTUDE CREA 2017**

**ESPECIALIDADE DE
TEATRO**



PRESIDENTA:

Yolanda Otero Balsa, *subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social*

VOGAIS:

Manuel Guede Oliva
Camilo Franco Iglesias
Antonio Vázquez Turnes

SECRETARIA:

Ángela Fernández Rey



FORMACIÓN PROFESIONAL DO GRUPO:

- Ano 2017
- Xullo: Festival Artes no Camiño, Sarria
- Setembro: Festival HerDanza, Santiago de Compostela
- Outubro: Festival Metro Cadrado, dentro do FIOT, Carballo
- Novembro: Xuventude Crea, Outes
- Festival Migrats en Breu. Espacio Inestable, Valencia.
- Decembro: Teatro Ensalle, Vigo

1º PREMIO

Prácido Domingo

2016

Somos unha compañía emerxente que ten como obxectivo principal profundar na linguaxe do corpo a partir da investigación nas técnicas interpretativas de adestramento físico ligadas ao Aikido, a danza contemporánea e ao teatro físico.

Baseamos a nosa actividade en dúas liñas de traballo fundamentais: a artística, por medio da creación e distribución de espectáculos no ámbito da creación contemporánea; e pedagóxica, impartindo cursos destinados á formación de creadores e creadoras vinculados á danza, ao teatro e ás artes do movemento. Só nos queda a rebelión, un nó na gorxa e as ganas de bailar.

Non hai que ser unha casa para ter pantasma habita a fronteira entre a dor e o amor, a relación e a incomunicación, o dentro e o fóra, tendendo pontes que permitan ás nosas pantasma atravesarnos e transitar polas paisaxes dos nosos corpos.

Conflúen diferentes maneiras de abordar a loita, a falta de aire, a caricia e a violencia. Como na *Lección de anatomía* de Rembrandt, os personaxes debrúzanse sobre os corpos para atravesalos e examinar a materia que os compoñen. E unha vez alí, na escuridade dos recunchos e corredores, a fascinación e plenitude que produce o asombro ante tan grande misterio.

Non hai que ser unha casa para ter pantasmas





FORMACIÓN PROFESIONAL DO GRUPO:

- Señora Supina está formada por cinco actrices, unha escenógrafa e un director de escena. Titulados en Arte Dramática pola ESAD de Galicia.

2º PREMIO

Compañía Señora Supina

2016

Señora Supina nace da man de profesionais da interpretación, da dirección e da escenografía que, tras formarnos na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, decidimos continuar investigando e traballando na comedia como ferramenta social de cambio e entretemento.

A nosa primeira montaxe, *Cinco mulleres que comen tortilla* pretende ser o noso salto cara á profesionalización da compañía mostrando o noso compromiso cun teatro galego en constante evolución que pense no desfrute do público e a súa implicación activa na montaxe.

Cinco mujeres que comen tortilla



**3º PREMIO**


Escola de teatro

(Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela)

Curso académico 2013/14

A escola de teatro ten dous itinerarios de estudo: interpretación e dirección. Para acceder á escola é necesario presentarse a unhas probas que se realizan na primeira quincena do mes de setembro co fin de cubrir as prazas ofertadas (14 en interpretación e 4 en dirección). Durante o primeiro trimestre do curso, o alumnado de ambos itinerarios segue un estudo independente para xuntarse no segundo e terceiro trimestres. Os horarios das aulas é compatible cos estudos universitarios. O obxectivo deste programa é dotar o/a alumno/a das ferramentas necesarias para enfrontarse á creación e á análise dun espectáculo teatral sen desbotar ningunha opción estética.





BANG





MEMBROS DO XURADO DO CERTAME XUVENTUDE CREA 2016 ESPECIALIDADE DE VIDEOCREACIÓN



PRESIDENTA:

Yolanda Otero Balsa, *subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social*


VOGAIS:

Ignacio Vilar Díaz
Francisco Freire Magariños
Julio Casal Fernández-Couto
Pastor Lorenzo Sola

SECRETARIO:

M^a Pilar Vilariño Pereira



**FORMACIÓN ACADÉMICA:**

- 2014-2015. US. Sevilla. Grao en Xornalismo.
- 2015-2018. UNED. Campus Pontevedra. Grao en Lingua e Literatura españolas.


1º PREMIO

María de las Nieves Iglesias Rodríguez

Pontevedra

Daquelas tardes xogando ao Final Fantasy e lendo Crepúsculo recordo as inquedanzas e as ambicións que tiña por crear algo propio, que chegase á xente, que despertara as emocións que cando un é rapaz elevan á realidade ata case fantasía. De pequena xa sentía atracción polas artes, calquera manifestación artística motivaba a miña imaxinación e permitíame contemplar a vida desde unha perspectiva máis deleitosa. Comecei a capturar os instantes da natureza e das vivencias que fluían a través dos anos. Cada día supón unha nova oportunidade para medrar a través da creación.

Narrealidade



**FORMACIÓN ACADÉMICA:**

- 2007-2009 Bacharelato de artes. IES Politécnico de Vigo
- 2009-2014 Grao en Belas Artes. Universidade de Vigo

2º PREMIO

Gabriel Vázquez Fernández (VZ.FERZ)

Vigo, 1991

Topeime co audiovisual no terceiro ano de carreira, en Pontevedra.

Sol Alonso amosoume que había algo máis aló da imaxe fixa e que outorgándolle movemento podería atopar un xeito de darlle forma ás emocións, ás sensacións e todo aquilo que removera a miña creatividade, definindo unha canle coa que comunicarme co mundo.

Likenali



**FORMACIÓN ACADÉMICA:**

- 2009–2011 IES Salvador de Madariaga. A Coruña. Bacharelato de Artes Escénicas, Música e Danza.
- 2011–2012 Universidade Nacional de Educación a Distancia. Grao en Psicoloxía.
- 2012–2017 Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Vigo. Especialidade de Dirección escénica e Dramaturxia.
- 2017– 018 Lens Escola de Artes Visuais. Madrid. Especialidade Cinema Documental.

3º PREMIO

Alba Rodríguez Villar

Cedeira (A Coruña)

Os meus primeiros recordos atópanse entre acordes de guitarra e melodías con recendos de fogar, porque son filla de pais artistas da súa casa. Aos 6 anos a miña nai apuntoume a piano e aos 11 compuxen a miña primeira canción. Desde entón, entendín que a miña forma de navegar polo mundo non podería ser outra que sucar as posibilidades que ofrece a arte. Así que, 14 anos despois, son directora en cernes e o sábado fago música. Grazas á experiencia que foi aventurarme a estudar dirección de escena na ESADG, aprendín a comprender un pouco máis o mundo por medio da observación, e non só coa vista, senón tamén cos oídos, ao colaborar na dirección de pezas radiofónicas no programa A pegada do eco. Actualmente, mergúllome no mundo audiovisual para tratar de investigar novas formas artísticas e tentar seguir construíndo unha poética propia.

Alborada



